



DIARIO OFICIAL

de **GALICIA**

Venres, 30 de maio de 2003
P.V.P. 0,82 € (IVE incluído)

SUMARIO

	<u>Páxs.</u>
I. DISPOSICIÓN XERAIS	
PRESIDENCIA	
— Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia.	6.989
III. OUTRAS DISPOSICIÓN	
CONSELLERÍA DE SANIDADE	
— Orde do 19 de maio de 2003 pola que se normaliza o sistema de información e control da demanda de actividade programada de hospitalización, cirurxía e salas na rede de hospitais do Servicio Galego de Saúde.	6.995

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN
LOCAL**

- Resolución do 7 de maio de 2003, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se lle dá publicidade ó acordo da comisión paritaria de acción social sobre os criterios de reparto do fondo de acción social para o ano 2003 do persoal ó servizo da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia. 7.006

**CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE E VOLUNTARIADO**

- Resolución do 23 de maio de 2003, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se procede á publicación da relación definitiva de nenos admitidos para o curso 2003/2004 nos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado. 7.007
- Resolución do 23 de maio de 2003, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se procede á publicación da relación definitiva de nenos admitidos para o curso 2003/2004 nos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado. 7.007
- Resolución do 23 de maio de 2003, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se procede á publicación da relación definitiva de nenos admitidos para o curso 2003/2004 nos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado. 7.007
- Resolución do 23 de maio de 2003, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se procede á publicación da relación definitiva de nenos admitidos para o curso 2003/2004 nos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado. 7.008

**CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

- Corrección de erros.-Resolución do 6 de marzo de 2003, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, do convenio colectivo da empresa *Megasa Siderúrgica, S.L.* 7.008

Páxs.

**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

- Resolución do 22 de maio de 2003 pola que se fai público o contido do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igapo), *Sepi Desarrollo Empresarial, S.A.* (Sepides) e as entidades financeiras adheridas para a habilitación dunha liña de microcréditos para autónomos e microempresas. 7.009

Páxs.

IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Resolución do 21 de maio de 2003, do tribunal designado para cualifica-lo proceso selectivo para o ingreso no corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia (grupo D), escala básica de vixilancia pesqueira, pola que se fan públicos a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio da fase de oposición. 7.022

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA**

- Orde do 9 de maio de 2003 pola que se resolve a convocatoria de libre designación, anunciada por Orde do 10 de febreiro de 2003 (*Diario Oficial de Galicia* número 33, do 17 de febreiro). 7.022

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN
LOCAL**

- Orde do 9 de maio de 2003 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local anunciada pola Orde do 25 de marzo de 2003. 7.023

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- Resolución do 5 de maio de 2003 pola que se corrixe erro advertido na Resolución do 4 de abril de 2003 pola que se fai pública a designación da comisión que ha de resolve-lo concurso da praza número 01/237 de profesor titular de universidade, área de coñecemento de didáctica da expresión corporal. 7.024

VI. ANUNCIOS**a) DA ADMINISTRACIÓN
AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE POLÍTICA
TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS
E VIVENDA**

- Resolución do 16 de maio de 2003, do Servicio Provincial de Estradas da Coruña, pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación dos bens afectados polas obras do proxecto de trazado da AC-450 Bertamiráns-Negreira. Variante da Ponte Maceira, clave AC/00/51.1. Termos municipais de Negreira e Ames. 7.024

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Resolución do 26 de maio de 2003, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia, polo sistema de concurso de procedemento aberto, a obra de reforma e ampliación do IES Universidade Laboral de Ourense (32009131). 7.025
- Resolución do 26 de maio de 2003, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia, polo sistema de concurso de procedemento aberto, a obra de reforma e adecuación da cuberta do IES Valentín Paz Andrade de Vigo (Pontevedra) (36014568). 7.025

**CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN,
INDUSTRIA E COMERCIO**

- Acordo do 12 de maio de 2003, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución, o estudo de impacto ambiental e a declaración, en concreto, de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 02/304). 7.026
- Resolución do 10 de abril de 2003, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 02/36-3). 7.029

Páxs.Páxs.

- Resolución do 12 de maio de 2003, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se somete a información pública o proxecto sectorial L.A.T. 132 kV Sub. Punago-Sub. A Fonsagrada, declarado como de incidencia supramunicipal por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de maio de 2003. 7.030
- Resolución do 12 de maio de 2003, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se somete a información pública o proxecto sectorial L.A.T. 132 kV Sub. Penaloba-Sub. Tesouro, declarado como de incidencia supramunicipal por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de maio de 2003. 7.030

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA
AGROALIMENTARIA
E DESENVOLVEMENTO RURAL**

- Resolución do 5 de maio de 2003, da Dirección Xeral de Infraestructuras Agrarias, pola que se notifica a resolución de recurso de alzada presentado contra o acordo de concentración parcelaria da zona de San Martiño de Visantón (Mesía, A Coruña), devolta polo servizo de correos. 7.030

**CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS
MARÍTIMOS**

- Orde do 5 de maio de 2003 pola que se acorda a denegación da prórroga e extinción de diversas concesións administrativas que amparan os parques de cultivo de moluscos da zona do Carril, distrito marítimo de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra). 7.031
- Cédula do 7 de maio de 2003, da Delegación Territorial de Vigo, pola que se fai pública unha relación de notificacións de aperturas e pregos de cargos de expedientes sancionadores (PESAN1 2003/000069-5 e dúas máis). 7.033

**INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA
E SOLO**

- Resolución do 23 de maio de 2003 pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso aberto, da contratación das obras de reparación das fachadas sur dos bloques R.6.1 e R.6.2 do Polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela. (Expediente C-2003/REP 02). 7.033

	<u>Páxs.</u>
— Resolución do 23 de maio de 2003 pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso aberto e trámite ordinario, da contratación das obras de rehabilitación do núcleo rural de Mazoi (Lugo). (Expediente LU-2002/NR 03).	7.034
— Cédula do 8 de maio de 2003, da Área Provincial da Coruña, pola que se lles notifica ós interesados resolucións emitidas polo delegado provincial do expediente administrativo de desafiuzamento por ocupación sen título legal (expediente C-136-CD/63, conta 1260).	7.034
SERVICIO GALEGO DE SAÚDE	
— Resolución do 12 de maio de 2003, da Dirección Xerencia do Hospital Comarcal Valdeorras do Barco de Valdeorras, pola que se anuncia o concurso público, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación da prestación do servizo de limpeza e desinfección (C.P. 2/2003).	7.035
— Resolución do 12 de maio de 2003, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Ourense, pola que se anuncia concurso público, polo procedemento aberto, tramitado con carácter urxente, para a contratación da asistencia técnica de ofimática a usuarios de equipos informáticos deste complexo hospitalario (C.P. 21/2003).	7.036
— Resolución do 19 de maio de 2003, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Profesor Novoa Santos de Ferrol, pola que se anuncia, por tramitación ordinaria, concurso público para a contratación do expediente. (Expediente 56/2003).	7.037

	<u>Páxs.</u>
b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL	
CONCELLO DE BOIRO	
— Anuncio.	7.038
CONCELLO DE FISTERRA	
— Anuncio de licitación.	7.038
CONCELLO DAS NEVES	
— Anuncio de licitación.	7.038
CONCELLO DE POIO	
— Anuncio.	7.039
— Anuncio.	7.039
— Anuncio.	7.039
CONCELLO DE RIBADEO	
— Anuncio.	7.040
CONCELLO DE VILAR DE SANTOS	
— Anuncio.	7.040
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	
— Resolución do 8 de maio de 2003 pola que se anuncia o concurso para a subministración de material de sinalización e seguridade vial diverso, ano 2003.	7.040
c) OUTROS ANUNCIOS	
XESTIÓN URBANÍSTICA DE PONTEVEDRA, S.A.	
— Anuncio do concurso de asistencia técnica para a adquisición e expropiación de terreos, bens e dereitos comprendidos dentro do ámbito de actuación do proxecto sectorial para a implantación da plataforma lóxística-industrial en Salvaterra-As Neves.	7.040



DIARIO OFICIAL
de **GALICIA**

EDICIÓN E ADMINISTRACIÓN

Secretaría Xeral da Consellería da Presidencia,
Relacións Institucionais e Administración Pública
Edificio San Caetano - Santiago de Compostela

Teléfonos: 981 54 42 68 - 981 54 42 70

Fax: 981 54 42 72 - 981 54 42 73

<http://www.xunta.es>

e-mail: dog@xunta.es

ISSN 1.130-9229

Depósito legal C. 73-1982

IMPRIME

La Voz de Galicia, S.A.

Avda. da Prensa, 84-85. Pol. Ind. de Sabón.

15142-Arteixo (A Coruña)

I. DISPOSICIÓN XERAIS

PRESIDENCIA

Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia.

O artigo 27.10 da Constitución de 1978 consagrou, por vez primeira no noso dereito, a autonomía das universidades, desenvolvida, pola súa vez, pola Lei orgánica 11/1983, do 25 de agosto, de reforma universitaria, e pola Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Esta lei fundaméntase na competencia plena que, segundo o artigo 31 do Estatuto de autonomía, exerce a Comunidade Autónoma de Galicia para a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, incluídos, polo tanto, os estudos universitarios, e asemade no disposto no artigo 14 da Lei orgánica 6/2001, que lles atribúe ás comunidades autónomas a competencia lexislativa para a regulación dos consellos sociais das universidades da súa competencia, que será exercida con prontitude a teor das modificacións introducidas na configuración do órgano, que deixan obsoleta a normativa autonómica vixente. É esta, ademais, unha excelente oportunidade para aplicarlle á nova norma a experiencia acumulada desde a aprobación da Lei 5/1987, do 27 de maio, do Consello Social da Universidade e do Consello Universitario de Galicia, modificada pola Lei 11/1989, do 20 de xullo, de ordenación do sistema universitario de Galicia.

Esta lei aséntase na firme convicción de que os poderes públicos, as universidades e a sociedade deben compartir esforzos e responsabilidades de cara ó común obxectivo de acadar a máxima calidade e a máxima eficacia na prestación do servizo público de ensino superior universitario.

O Consello Social é o órgano de goberno da universidade, que garantirá a participación das forzas sociais e colaborará na obtención dos recursos necesarios para acadar-lo máximo autofinanciamento da institución universitaria.

Así mesmo, o Consello Social fará posible que os membros da comunidade universitaria cumpran coas súas respectivas responsabilidades, co fin de satisfacer-las necesidades educativas, científicas e profesionais da sociedade e, ó mesmo tempo, que as universidades lle rendan contas á sociedade do uso dos seus recursos. A lexitimidade do órgano descansa, pois, na súa pretensión de aproximar a universidade á sociedade, de tender unha ponte entre ambas, que permita harmonizar-las preferencias académicas e as sociais e asegure o emprego adecuado dos medios postos á disposición daquela.

É por iso que esta regulación configura o Consello Social como peza angular da estrutura universitaria, na medida en que a súa función é a de servir de instrumento para garantir a participación das diversas forzas sociais no seu goberno e procura-la impli-

cación das universidades no desenvolvemento de Galicia.

O capítulo I, tras acoutar-la extensión da eficacia desta lei, procede a definir e a fixar-las funcións do Consello Social, establecendo coa máxima claridade as súas competencias, de acordo coas novas orientacións da Lei orgánica 6/2001. Finalmente, o artigo 6 refírese ás relacións do Consello Social coas demais instancias da universidade, cos órganos autonómico e estatal de avaliación externa e mais coas restantes institucións e organismos cos que compartan algunha das súas competencias.

No capítulo II establécese unha composición do Consello Social que procura garantir a máxima representatividade dos principais intereses sociais e o respecto ó estipulado na Lei orgánica 6/2001, e determina, ademais, o estatuto xurídico dos seus integrantes, prestándolles unha especial atención ós seus dereitos e deberes, todo isto a prol da transparencia e operatividade no funcionamento do órgano.

O capítulo III aborda os aspectos básicos da organización e do funcionamento do Consello Social, e remite a un regulamento que elaborará o propio órgano.

E o capítulo IV completa a regulación do Consello Social no que se refire ó seu orzamento e á organización de apoio que lle permita o exercicio das súas funcións.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2º do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 23 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo en nome de El-Rei a Lei dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia.

Capítulo I

Definición, funcións e competencias do Consello Social

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación da lei.

Esta lei ten por obxecto a regulación do Consello Social de cada unha das universidades públicas que integran o sistema universitario de Galicia.

Artigo 2. Definición e funcións do Consello Social.

1. O Consello Social é o órgano de participación da sociedade galega nas universidades comprendidas no artigo anterior que impulsa a colaboración entre estas e aquela mediante a satisfacción polas universidades das necesidades do seu contorno, contribuíndo eficazmente ó desenvolvemento social, profesional, económico, tecnolóxico e cultural de Galicia, á mellora da calidade do servizo público da educación superior universitaria e mais á obtención dos recursos precisos para procura-la súa suficiencia económica e financeira.

2. Para o cumprimento destas funcións, o Consello Social terá as competencias determinadas nesta lei e calquera outra que lle recoñeza a normativa vixente.

Artigo 3. Competencias de relación entre a universidade e a sociedade.

Correspóndenlle ó Consello Social as seguintes competencias de relación entre a universidade e a sociedade:

a) Promove-lo coñecemento mutuo entre a universidade e a sociedade, favorecendo e organizando eventos que difundan nesta o labor universitario e transmitíndolle a aquela as aspiracións das forzas sociais de Galicia.

b) Fomenta-la colaboración da sociedade no financiamento do ensino e da investigación da universidade, contribuíndo á captación de recursos económicos externos.

c) Aprobar, con carácter anual, unha memoria das súas actividades, que lles remitirá ó Parlamento de Galicia e á consellería competente en materia universitaria.

d) Realizar estudos sobre materias da súa competencia, e, en particular, sobre a adecuación da oferta de titulacións e do contido dos plans de estudos da universidade ás necesidades sociais, sobre o rendemento académico do alumnado e a inserción laboral dos titulados universitarios, sobre a investigación desenvolvida na universidade e a transferencia á sociedade dos resultados desta e mais sobre calquera outra cuestión proposta pola consellería competente en materia universitaria, de acordo coas funcións propias deste órgano.

e) Impulsar aquelas actuacións que permitan un maior achegamento dos estudantes universitarios ás demandas do mercado laboral, e, en especial, a subscripción de convenios entre a universidade e outras entidades públicas e privadas orientadas a completa-la formación dos alumnos e titulados da universidade e facilita-lo seu acceso ó mundo profesional.

f) Estimula-la actividade investigadora da universidade, especialmente no relativo á súa vinculación cos sectores productivos, apoiando os proxectos de investigación e desenvolvemento compartidos entre a universidade, as empresas e o tecido social, así como as políticas de transferencia e difusión dos resultados obtidos nas investigacións universitarias.

g) Favorece-las actividades orientadas a completa-la formación científica, cultural e humanística dos universitarios, apoiando as súas manifestacións no seo da universidade e asegurando a súa extensión ó conxunto da sociedade galega.

h) Outorgar, se é o caso, premios, distincións e recoñecementos no ámbito das súas competencias.

Artigo 4. Competencias de carácter económico, financeiro e patrimonial.

Correspóndenlle ó Consello Social as seguintes competencias de carácter económico, financeiro e patrimonial:

a) Supervisa-las actividades de carácter económico da universidade.

b) Aprobar, por proposta do Consello de Goberno, a programación plurianual da universidade, así como realiza-lo seu seguimento.

c) Aprobar, por proposta do Consello de Goberno, o orzamento da universidade.

Os órganos responsables da execución do orzamento deberán informar ó Consello Social do estado de execución nas condicións que determine o seu Regulamento de organización e funcionamento.

d) Aprobar, con carácter previo ó seu rendemento ante o órgano de fiscalización da Comunidade Autónoma, as contas anuais da universidade e das sociedades, fundacións ou outras entidades nas que a universidade teña participación maioritaria no seu capital ou fondo patrimonial equivalente, calquera que sexa a forma xurídica que adopten estas, podendo o Consello Social acordar motivadamente a realización de auditorías externas.

e) Fixa-los prezos das ensinanzas propias, dos cursos de especialización e os referentes ás demais actividades autorizadas polas universidades, así como emitir informe en materia de prezos públicos dos estudos universitarios oficiais, dentro dos límites que estableza o Consello de Coordinación Universitaria.

f) Aprobar, con carácter previo á súa remisión á Xunta de Galicia para a súa autorización, as propostas de operacións de endebedamento.

g) Emitir informe sobre o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do persoal docente e investigador da universidade, con especificación da totalidade dos seus custos, das súas modificacións e dos gastos que supoñen, así como emitir informe, con carácter previo á súa formalización, sobre os convenios colectivos do persoal docente e investigador contratado pola universidade.

h) Acordar, por proposta do Consello de Goberno da universidade e dentro dos límites fixados pola Comunidade Autónoma, a asignación singular e individual de retribucións adicionais ligadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión a membros do persoal docente e investigador da universidade, logo da valoración daqueles pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia ou, se é o caso, pola Axencia Nacional de Avaluación da Calidade e Acreditación, ou por calquera outro órgano de avaliación que leis doutras comunidades autónomas determinen, sempre que exista previo convenio ou concerto coa Comunidade Autónoma galega. O Consello Social poderá solicitar informe dos centros ós que pertenza ou estea adscrito o profesorado afectado por tales acordos, co obxecto de motiva-la súa decisión.

i) Emitir informe sobre o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos da universidade, as súas modificacións e os gastos que supoñen, con especificación da totalidade dos seus custos, así como emitir informe, con carácter previo á súa formalización, sobre os convenios colectivos do persoal de administración e servizos en réxime laboral da universidade.

k) Aprobar, por proposta do Consello do Goberno, os regulamentos internos que regulan a xestión contractual e patrimonial da universidade.

l) Ser informado dos contratos ou convenios nos que a universidade sexa parte e daqueles que se formalicen ó amparo do artigo 83 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

m) Aprobar, con carácter previo á súa realización, os actos de disposicións sobre bens inmobles e mobles de extraordinario valor da universidade e a desafectación dos seus bens de dominio público. Para tal efecto as universidades contarán cun inventario, que deberán remitirle ó Consello Social de acordo co que se estipule no seu regulamento de réxime interno.

n) Aprobar, por proposta do Consello de Goberno, a aceptación pola universidade de herdanzas, doazóns ou legados.

ñ) Emitir informe sobre a creación ou adscrición de colexios maiores e residencias universitarias.

o) Aproba-la creación, modificación substancial ou extinción das sociedades, fundacións ou outras entidades nas que a universidade teña participación no seu capital ou fondo patrimonial, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, así como a súa integración nelas.

Artigo 5. Competencias de supervisión das actividades universitarias e relativas á actividade do Consello Social.

Correspóndenlle ó Consello Social as seguintes competencias de xestión universitaria e relativas á súa propia actividade:

a) Supervisa-lo rendemento e a calidade dos servizos universitarios, formulándolle, se é o caso, suxestións e propostas ó Consello de Goberno da universidade, orientadas a promove-la excelencia do ensino, da investigación, da xestión e dos servizos.

b) Solicitar, se é o caso, das administracións públicas a realización de informes e inspeccións dos servizos que presta a universidade, especialmente os de ensino, investigación, xestión e servizos, oído o Consello de Goberno.

c) Proponerlle motivadamente á Xunta de Galicia, tralo informe do Consello de Goberno da universidade, a implantación e supresión de ensinanza conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. No caso de que a iniciativa partise da Comunidade Autónoma, deberá contar co acordo do Consello Social.

d) Proponerlle motivadamente á Xunta de Galicia, tralo informe do Consello de Goberno da universidade, a creación, modificación ou supresión de facultades, escolas técnicas ou politécnicas superiores e escolas universitarias ou escolas universitarias politécnicas. No caso de que a iniciativa partise da Comunidade Autónoma, deberá contar co acordo do Consello Social.

e) Proponerlle á Xunta de Galicia, tralo informe do Consello de Goberno da universidade e antes da súa formalización, a aprobación dos convenios de adscrición ou dos convenios ou acordos de desadscrición á universidade de centros docentes para impartir estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

f) Proponerlle á Xunta de Galicia, tralo informe do Consello de Goberno da universidade, a creación ou supresión de institutos universitarios de inves-

tigación. No caso de que a iniciativa partise da Comunidade Autónoma, deberá contar co acordo do Consello Social.

g) Proponerlle á Xunta de Galicia, tralo informe do Consello de Goberno da universidade e antes da súa formalización, a aprobación dos convenios de adscrición ou dos convenios ou acordos de desadscrición á universidade de institucións ou centros de investigación como institutos universitarios de investigación. No caso de que a iniciativa partise da Comunidade Autónoma, deberá contar co acordo do Consello Social.

h) Proponer motivadamente, para a súa posterior aprobación pola Xunta de Galicia, a creación, modificación ou supresión no estranxeiro de centros dependentes da universidade para a impartición de ensinanza conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como a impartición en centros dependentes da universidade de ensinanza conducentes á obtención de títulos estranxeiros de educación superior universitaria.

i) Acordar, co rector, nos termos previstos na Lei orgánica de universidades, o nomeamento do xerente.

k) Emitir informe sobre os procedementos que estableza a universidade para a admisión de estudantes.

l) Aprobar, tralo informe do Consello de Coordinación Universitaria, as normas que regulen o progreso e a permanencia dos estudantes na universidade.

m) Promover, co obxecto de que ninguén quede excluído do estudo na universidade por razóns económicas, as bases da política de bolsas, axudas e créditos para o estudo e a investigación que, se é o caso, outorgue a universidade con cargo ós seus orzamentos, así como proponerlle ás restantes administracións competentes a adopción de medidas con relación ás súas políticas de bolsas, axudas e créditos ós estudantes universitarios.

n) Designar, de entre os seus membros pertencentes á representación social, os representantes do Consello Social nas entidades e institucións que corresponda, e, en particular, os tres representantes do órgano no Consello de Goberno da universidade.

ñ) Proponerlle o cesamento dalgún dos seus membros á autoridade, entidade ou institución que o designase, trala declaración da súa situación de incompatibilidade ou incumprimento grave ou reiterado das súas obrigas.

o) Emitirle informe á Xunta de Galicia sobre o réxime de retribucións ou indemnizacións dos seus membros, de acordo co disposto no artigo 11.2.f) desta lei.

p) Acorda-la constitución de comisións temporais.

q) Aprobar e modifica-lo seu Regulamento de organización e funcionamento, de acordo co establecido no artigo 22.

Artigo 6. Relacións de cooperación.

No exercicio das súas funcións, o Consello Social, a través do seu presidente, poderá solicita-la cola-

boración de persoas físicas e xurídicas, pertencentes ou non ó ámbito universitario, así como conseguiu-la información que precise de tódolos órganos da universidade, da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación.

No ámbito das súas competencias, poderá manter relacións de colaboración con outras institucións e organismos estatais ou estranxeiros.

Capítulo II

Membros do Consello Social

Artigo 7. Composición do Consello Social.

1. O Consello Social está integrado por un máximo de vinteoito membros, que se designarán consonte o disposto nos apartados seguintes.

2. Son membros natos do Consello Social o rector da universidade, o secretario xeral e o xerente da universidade.

Así mesmo, serán membros do Consello Social un profesor, un estudante e un representante do persoal de administración e servicios, elixidos polo Consello de Goberno da universidade de entre os seus membros na forma que determinen os seus estatutos. En todo caso, os nomeamentos serán publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

3. A representación dos intereses sociais no Consello Social correspóndelle a personalidades da vida cultural, profesional, económica, laboral ou social, de acordo coa seguinte distribución:

a) O presidente do Consello Social, designado consonte o disposto no artigo 17.1.

b) Seis membros designados polo Parlamento de Galicia.

c) Seis membros designados pola Xunta de Galicia.

d) Dous membros designados polos sindicatos máis representativos no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Catro membros designados polas organizacións empresariais máis representativas dos sectores estratégicos da economía galega, na área de influencia da universidade.

f) Un membro designado polas corporacións dos concellos nos que se localizan os campus.

4. O presidente do Consello Social será nomeado por decreto do presidente da Xunta de Galicia. Os restantes acordos de designación de membros do Consello Social seranlle comunicados ó conselleiro competente en materia universitaria, quen procederá ó seu nomeamento mediante orde da súa consellería. O decreto e as ordes de nomeamento deberán publicarse no *Diario Oficial de Galicia*.

5. A condición de membro do Consello Social adquirese unha vez cumpridos os requisitos de designación, nomeamento e publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e produce efectos a partir desa data.

Artigo 8. Incompatibilidades.

Os membros do Consello Social estarán suxeitos ó réxime previsto na vixente Lei de incompatibilidades e nas demais normas reguladoras.

Artigo 9. Duración do mandato.

1. A duración do mandato dos membros do Consello Social sinalados no parágrafo segundo do artigo 7.2 será establecida polos estatutos da universidade.

2. A duración do mandato dos membros do Consello Social sinalados no artigo 7.3 será de catro anos, renovable por unha soa vez.

Artigo 10. Cesamento e substitución.

1. Os membros do Consello Social cesarán:

a) Por expiración do período de mandato.

Non obstante, continuarán nas súas funcións deica a toma de posesión dos novos membros.

b) Por renuncia, incapacidade declarada por resolución xudicial firme, morte ou declaración de falecemento.

A renuncia deberá presentárselles por escrito á autoridade, entidade ou institución designante e ó presidente do Consello Social, quen lla comunicará á consellería competente en materia universitaria, e publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, data desde a que producirá efectos.

c) Por condena xudicial firme que ocasione a inhabilitación ou a suspensión de emprego ou cargo público.

d) Por decisión da autoridade, entidade ou institución que o designase, nos casos previstos no artigo 12.

2. As vacantes que se produzan antes da finalización do mandato deberán cubrirse pola autoridade, entidade ou institución correspondente no prazo máximo de tres meses. De non comunicárselle o acordo de designación dentro do devandito prazo ó conselleiro competente en materia universitaria, o posto permanecerá vacante deica a finalización do correspondente mandato.

En todo caso, o membro substituto entenderase nomeado polo período que reste do anterior mandato.

Artigo 11. Dereitos.

1. Os membros do Consello Social desenvolverán as súas competencias velando polos intereses xerais da institución universitaria.

Desempeñarán os seus cargos persoalmente, sen que poidan delega-las súas competencias nin o seu voto en ningún caso.

2. Ademais dos que lles corresponden ós integrantes dun órgano colexiado e dos que lles poida recoñece-lo Regulamento de organización e funcionamento e a restante normativa vixente, os membros do Consello Social teñen os seguintes dereitos:

a) Presentar mocións ou suxestións para a deliberación e adopción de acordos ou recomendacións polo Pleno ou para o seu estudio nunha comisión.

b) Recibir, cunha antelación razoable, a convocatoria, que conterà a orde do día das sesións ordinarias e extraordinarias.

c) Asistir con voz ás sesións dos órganos dos que formen parte, exerce-lo seu dereito de voto e formular votos particulares.

d) Ser informados de canto aconteza no Consello Social e que interese para o seu bo funcionamento.

e) Conseguir, a través do presidente do Consello Social, canta información, datos ou documentos consideren necesarios para o exercicio das súas funcións.

f) Percibi-las retribucións ou indemnizacións que aprrobe a Xunta de Galicia, tralo informe dos consellos sociais das universidades comprendidas no artigo 1. En todo caso, os órganos unipersoais ós que se refire o artigo 13 só percibirán axudas de custo e locomoción no exercicio dos seus cargos.

Artigo 12. Deberes.

Ademais dos que poida establece-lo Regulamento de organización e funcionamento e a restante normativa vixente, os membros do Consello Social teñen os seguintes deberes:

a) Asistir ás sesións do Pleno e ás das comisións das que formen parte.

b) Executar cantas tarefas lles sexan encomendadas por razón dos seus cargos.

c) Poñer en coñecemento do consello calquera información que poida afecta-las actuacións ou competencias do consello.

d) Gardar segredo sobre as deliberacións internas, así como sobre as materias e actuacións que expresamente se declaren reservadas.

e) Observar en todo momento a normativa de incompatibilidades.

O Regulamento de organización e funcionamento establecerá un procedemento para que, no caso de que algún membro incumprise grave ou reiteradamente as súas obrigas, o Pleno lle propoña razoadamente o seu cesamento á autoridade, entidade ou institución que o designase.

Capítulo III

Organización e funcionamento do Consello Social

Artigo 13. Estructura interna.

1. O Consello Social estrutúrase en órganos colexiados e unipersoais.

2. Son órganos colexiados o Pleno e, se é o caso, a Comisión Executiva e as demais comisións que estableza o Regulamento de organización e funcionamento ou que o Pleno acorde constituír.

3. Son órganos unipersoais a presidencia, a secretaría e, se é o caso, unha ou varias vicepresidencias, de acordo co que dispoña o Regulamento de organización e funcionamento.

Artigo 14. Pleno.

O Pleno do Consello Social é o seu máximo órgano de goberno e está integrado por tódolos seus membros. Exerce con carácter indelegable a competencia decisoria nas materias ás que se refiren os artigos 3 c) e h), 4, agás as letras a), g), i), l) e n), e 5, agás as letras a), h), k) e o), todos eles desta lei, así como as restantes que teña recoñecidas o

Consello Social en tanto non se encontren encomendadas a outros dos seus órganos.

Artigo 15. Periodicidade das sesións.

O Pleno do Consello Social reunirse con carácter ordinario polo menos catro veces ó ano, e poderá facelo con carácter extraordinario cando así o acorde o presidente ou o soliciten por escrito seis dos seus membros ou o rector da universidade. No escrito de solicitude faranse constar, como mínimo, os motivos da sesión extraordinaria e os asuntos que se desexen incluír na orde do día, e o presidente deberá convoca-lo Pleno no prazo máximo de sete días hábiles desde a recepción da solicitude.

Artigo 16. Comisións.

1. O Regulamento de organización e funcionamento pode preve-la existencia dunha comisión executiva, á que lle corresponde a dirección ordinaria do Consello Social, e cantas comisións permanentes se xulguen necesarias para o cumprimento das funcións do órgano. O regulamento determinará tamén o procedemento para a constitución polo Pleno de comisións temporais.

2. A función das comisións consistirá en estudar, deliberar e propoñerlle ó Pleno a adopción de decisións sobre materias que lles fosen atribuídas polo Regulamento de organización e funcionamento ou polo acordo de constitución. Non obstante, gozarán de capacidade decisoria naqueles asuntos da súa competencia que determine expresamente o regulamento ou o seu acordo de constitución ou ben por delegación do Pleno, en todo caso en materias susceptibles desta.

3. O Pleno poderá, en todo momento, reclamar para si o coñecemento de calquera asunto que se estivese a examinar nunha comisión.

Artigo 17. Presidencia.

1. O presidente do Consello Social será designado polo presidente da Xunta de Galicia, entre personalidades da vida cultural, profesional, económica, laboral e social non pertencentes á comunidade universitaria, por proposta do conselleiro competente en materia universitaria, logo de comunicación ó rector da universidade.

2. O seu mandato é de catro anos, renovable por unha soa vez, e seralle aplicable o disposto no artigo 10.

3. Exerce, no Pleno e en tódalas comisións, as competencias propias da presidencia dun órgano colexiado, con voto de calidade no caso de empate, e aquelas que lle encomendan esta lei, o Regulamento de organización e funcionamento e a restante normativa vixente.

Artigo 18. Vicepresidencia.

O Regulamento de organización e funcionamento poderá preve-la existencia dun ou varios vicepresidentes, designados entre os membros ós que se refire o artigo 7.3, que, pola orde que se estableza nel, substituirán ó presidente no caso de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal. No seu defecto, será suplido polo membro do Consello Social que, de poder ser legalmente presidente, goce de

maior antigüidade no órgano. De existir dous ou máis membros coa mesma antigüidade exercerá as funcións da presidencia o de maior idade.

Artigo 19. Secretaría.

1. O secretario do Consello Social será designado e cesado por decisión do seu presidente. Se a designación recaese nunha persoa que non fose membro do Consello Social, actuará con voz pero sen voto.

2. Exerce, no Pleno e en tódalas comisións, as competencias propias da secretaría dun órgano Colexiado e aquelas que lle encomendan esta lei, o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social e a restante normativa vixente.

Artigo 20. Sesións.

1. As sesións do Pleno e das comisións poderán ser ordinarias e extraordinarias. De acordo co establecido nesta lei, o Regulamento de organización e funcionamento determinará o número e a periodicidade das sesións ordinarias, cun mínimo de catro ó ano, así como os requisitos e o procedemento para a convocatoria das extraordinarias.

2. O quórum para a válida constitución dos órganos Colexiados do Consello Social, así como para a deliberación e adopción de decisións no seu seo, será da metade máis un do número de membros do órgano con dereito a voto.

3. Adoptarán as súas decisións por maioría simple de votos, agás naquelas materias para as que o Regulamento de organización e funcionamento a eleve. O regulamento tamén establecerá os tipos e as formalidades das votacións.

Non poderá ser obxecto de deliberación ou decisión ningún asunto que non figure incluído na orde do día, a non ser que estean presentes tódolos membros do órgano Colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría absoluta.

4. A presidencia do Consello Social, por propia iniciativa ou, se é o caso, a instancia da Comisión Executiva, pode invitar a asistir ás sesións dos órganos Colexiados, con voz e sen voto, a persoas expertas e membros da comunidade universitaria, de acordo coa natureza dos asuntos que se vaian tratar.

Poderá tamén solicita-la comparecencia ante o Pleno ou ante as comisións dos membros do Consello de Dirección da universidade do persoal ou alumnado desta, ou de representantes de calquera entidade ou institución pública ou privada.

Artigo 21. Réxime xurídico das decisións do Consello Social.

1. As decisións que tome o Pleno do Consello Social en materias da súa competencia, ou as comisións por delegación deste, adoptarán a forma de acordos, que esgotan a vía administrativa e son impugnables directamente ante a xurisdicción contencioso-administrativa, sen prexuízo da previa interposición dun recurso potestativo de reposición. Non obstante, as tomadas polas comisións no exercicio de competencias propias poderán ser obxecto de recurso enalzada ante o Pleno do consello nos termos establecidos pola lexislación básica do procedemento administrativo común.

Nos demais casos, as decisións do consello adoptarán a forma de recomendacións e non terán carácter vinculante.

2. Os acordos adoptados polo Consello Social posúen executividade inmediata. O seu secretario, co visto e prace do seu presidente, remitiralles inmediatamente unha certificación dos acordos ó rectorado, así como a cantos órganos, servicios e dependencias da universidade garden relación competencial cos asuntos aprobados.

Deberán notificárselles ós interesados conforme a normativa vixente e publicaranse no *Diario Oficial de Galicia* con carácter previo á súa entrada en vigor cando así o decida o órgano do Consello Social que os aprobase ou o determine o Regulamento de organización e funcionamento.

3. Aqueles acordos do Consello Social, que deban serlles elevados ós órganos da Comunidade Autónoma de Galicia, cursaranse a través da consellería competente en materia universitaria.

Artigo 22. Regulamento de organización e funcionamento.

1. O Consello Social elaborará, con suxeición ó disposto nesta lei, e elevará para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* o seu Regulamento de organización e funcionamento, que entrará en vigor o día seguinte á publicación.

Ó transcorrer tres meses desde a elevación do regulamento sen que recaese resolución expresa, entenderase aprobado, e o presidente do Consello Social deberá proceder á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O disposto nos parágrafos anteriores observarase tamén para as súas modificacións.

2. En todo aquilo que no estea especificamente regulado nesta lei e no Regulamento de organización e funcionamento será aplicable a normativa reguladora dos órganos Colexiados.

Capítulo IV

Medios económicos, materiais e persoais ó servizo do Consello Social

Artigo 23. Orzamento.

O Consello Social elaborará a súa partida específica, que figurará dentro dos orzamentos da universidade, e nela garantirase en todo caso a suficiencia dos recursos asignados para o cumprimento das súas funcións.

Artigo 24º.-Medios materiais e persoais.

O Consello Social valerase do persoal de administración e servizos adecuado para o seu funcionamento, obrigándose a universidade a garanti-lo disposto no artigo 14.4 da Lei orgánica de universidades.

Disposición adicional

Única.-Consellos sociais de universidades de nova creación.

O disposto no apartado primeiro das disposicións transitorias primeira e segunda seralles aplicable, coas oportunas adaptacións, ós consellos sociais de

universidades de nova creación, e o prazo de tres meses establecido na disposición transitoria primeira computarase desde a aprobación dos estatutos da universidade.

Disposicións transitorias

Primeira.-Designación e nomeamento dos novos membros.

1. No prazo máximo de tres meses desde a entrada en vigor desta lei, as autoridades, entidades e institucións sinaladas no artigo 7.3 deberán comunicarlle á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria os seus representantes nos consellos sociais, consonte as condicións previstas no artigo 7.

No mesmo prazo deberán facelo tamén as xuntas de goberno ou, se é o caso, os consellos de goberno das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, que designarán de entre os seus membros os seus representantes no seu Consello Social, de acordo co que dispoñan os propios estatutos ou, de estes non estaren adaptados ás previsións da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, mediante o procedemento que aprobe para o efecto a respectiva xunta ou consello de goberno.

Ó recibi-las comunicacións ás que se refiren os parágrafos anteriores, procederase á renovación dos consellos sociais mediante o nomeamento dos seus novos membros, segundo o disposto no artigo 7.

2. En tanto non se produza a renovación dos consellos sociais, continuarán en funcións os seus actuais membros.

Segunda.-Aprobación dos novos regulamentos.

1. Os consellos sociais das universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo, no prazo máximo de tres meses desde a súa completa renovación, conforme o disposto na disposición transitoria primeira, elaborarán e elevarán, para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, os seus respectivos regulamentos de organización e funcionamento, de acordo co establecido no artigo 21.

2. En tanto non se produza a aprobación dos novos regulamentos, manterán a súa vixencia os actuais en canto non se opoñan ó disposto nesta lei.

Disposición derogatoria

Única.-Derrogación normativa.

Quedan derogados o título primeiro e as disposicións adicionais, transitoria e derradeiras da Lei 5/1987, do 27 de maio, do Consello Social da Universidade e o Consello Universitario de Galicia, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó establecido nesta lei.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Habilitación normativa.

O Consello da Xunta, no ámbito das súas competencias, poderá dicta-las disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución desta lei.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta lei entrará en vigor o día seguinte á súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, nove de maio de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 19 de maio de 2003 pola que se normaliza o sistema de información e control da demanda de actividade programada de hospitalización, cirurxía e salas na rede de hospitais do Servizo Galego de Saúde.

A Orde do 2 de setembro de 1992, estableceu a estrutura básica do sistema de información na área asistencial da atención especializada do Sergas. Con esta estrutura víñase cumprilo mandato establecido no artigo 23 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade polo que se establece que as administracións sanitarias crearían rexistros e elaboraría as análises de información necesarias para o coñecemento das distintas situacións das que se poidan derivar accións de intervención da actividade sanitaria.

Como consecuencia disto, a Orde do 15 de xuño de 1995, estableceu un sistema de información e control da demanda de actividade programada en hospitalización e cirurxía, tanto para a actividade propia como para a derivada a centros concertados. Tras un período de funcionamento, a Orde do 14 de xaneiro de 1997 veu axustar algúns aspectos que se manifestaron como pouco operativos. Co obxecto de avanzar na mellora da satisfacción do usuario mediante un mellor coñecemento do proceso asistencial, proporcionando información de fácil comprensión que mantivera no fundamental a homoxeneidade en tódolos centros, a Orde do 25 de novembro de 1998, regulamentou o procedemento de inclusión dos pacientes en colas de programación e estableceu as características básicas do formulario de solicitude de inclusión nelas, mellorando a equidade no acceso ós servizos sanitarios.

No ano 2001, o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde en uso das súas funcións de coordinación sanitaria, estableceu unha serie de criterios homoxéneos de medicións das listas de espera en todo o territorio nacional e aprobou un documento no que se inclúe a adaptación progresiva dos sistemas de información de cada servizo autónomo de saúde ás recomendacións efectuadas por un grupo de expertos. En consecuencia, a Comunidade Autónoma de Galicia debe adapta-lo seu sistema de información e control da demanda de actividade pro-

gramada de hospitalización, cirurxía e salas, ás recomendacións aprobadas polo pleno do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde para todo o territorio nacional. Esta adaptación afecta tanto á actividade propia do Sergas como á derivada a centros concertados.

En definitiva, a finalidade desta orde é garantir a transparencia e homoxeneidade da información facilitada ó cidadán sobre a lista de espera e posibilita-la análise de resultados, necesidades e avaliación do funcionamento do noso sistema sanitario e do Sistema Nacional de Saúde.

En consecuencia, no uso das facultades que me confiren os artigos 34 e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, reformada pola Lei 11/1988, do 22 de outubro

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é a actualización do sistema de información e control da demanda de actividade programada de hospitalización, cirurxía e salas. Comprende tanto a actividade propia como a derivada a centros concertados.

Artigo 2º.-Rexistro de pacientes en espera.

1. O rexistro de pacientes en espera de atención programada de hospitalización, cirurxía e salas inclúe a tódolos pacientes pendentes da prestación dun servizo asistencial, con prescrición non urxente dunha atención médica indicada por un facultativo e aceptada polo paciente, e para a que está prevista a utilización dun recurso dependente do hospital (propio ou concertado).

Non inclúe os pacientes pendentes de atención cando esta sexa programada durante o episodio de hospitalización no que se establece a indicación.

2. Os pacientes incluídos no rexistro clasifícanse en función do tipo de espera, tal e como se recolle no anexo I.

3. Os hospitais, no momento da inclusión dun paciente no rexistro de pacientes en espera de atención programada, clasificarano segundo os tipos de rexistro que figuran no anexo II.

Artigo 3º.-Información ó usuario.

No momento da solicitude de inclusión no rexistro de pacientes en espera, deberá facilitárselles por escrito a tódolos usuarios do sistema, un número de teléfono de contacto co centro, así como información respecto do funcionamento do procedemento de inclusión no devandito rexistro. Esta información debe conter, como mínimo, a data e motivo da inclusión, as pautas de localización e os criterios de entrada e saída.

Artigo 4º.-Procedemento de inclusión no rexistro de pacientes en espera.

1. A inclusión dun paciente neste rexistro é un acto clínico que sempre deberá recollerse na folla

de inclusión que se presenta no anexo III, que deberá ser asinada polo facultativo prescriptor e o paciente. A data de inclusión será aquela na que a folla sexa asinada por ámbalas dúas partes (facultativo e paciente).

2. A folla de inclusión no rexistro de pacientes en espera constará de tres exemplares, un para a historia clínica, outro para o servizo de admisión do hospital e outro para o paciente.

O exemplar para o paciente deberá incluír no seu reverso as instrucións que figuran ó final do anexo III.

O exemplar para o servizo de admisión deberá arquivarse no propio servizo durante un período de alomenos dous anos.

3. A cobertura dos distintos epígrafes da folla corresponderalle ó facultativo responsable da inclusión e ó persoal do servizo de admisión, tal e como se especifica no anexo IV.

4. O responsable de entregarlle ó paciente o seu exemplar da folla debidamente asinado, cuberto e lexible en tódolos seus puntos será o facultativo prescriptor ou o servizo de admisión, en función dos circuitos existentes en cada hospital relativos á circulación de pacientes, que deberán ser regulados formalmente polo director xerente do hospital.

5. O servizo de admisión recibirá o seu exemplar do folla directamente desde o servizo prescriptor ou entregado polo propio paciente, cotexará os datos da folla de inclusión e cubrirá aqueles que sexan da súa competencia, incorporando tamén de xeito mecanizado ou mediante cuño a data de recepción.

Así mesmo, mecanizará no aplicativo informático e sen modificacións os datos tan só daquelas follas que estean asinadas polo facultativo prescriptor e o paciente.

Artigo 5º.-Modificación das condicións do rexistro de pacientes en espera por iniciativa médica.

1. A modificación das condicións do rexistro de pacientes en espera por iniciativa médica, debe ser recollida no modelo de folla que se presenta no anexo V.

Esta folla constará de tres exemplares, un para a historia clínica, outro para o servizo de admisión do hospital e outro para o paciente. O exemplar para o servizo de admisión deberá arquivarse no propio servizo durante un período de alomenos dous anos.

A cobertura dos distintos epígrafes da folla corresponderalle a un facultativo do servizo responsable da prescrición.

2. O responsable, de entregarlle ó paciente o seu exemplar da folla debidamente asinado, cuberto e lexible en tódolos seus puntos será un facultativo do servizo responsable da prescrición ou o servizo de admisión, en función dos circuitos existentes en

cada hospital relativos á circulación de pacientes, que deberán ser regulados formalmente polo director xerente do hospital.

3. O servizo de admisión mecanizará no aplicativo informático e sen modificacións os datos tan só daquelas follas que estean asinadas por un facultativo do servizo responsable da prescrición.

4. Deberá cubrirse unha nova folla para cada unha das modificacións que se produzan entre a inclusión e a saída do paciente do rexistro.

Artigo 6º.-Modificación das condicións do rexistro de pacientes en espera por iniciativa do paciente.

1. A modificación das condicións do rexistro de pacientes en espera por iniciativa do paciente, debe ser recollida no modelo de folla que se presenta no anexo VI.

Esta folla constará de tres exemplares, un para a historia clínica, outro para o servizo de admisión do hospital e outro para o paciente. O exemplar para o servizo de admisión deberá arquivarse no propio servizo durante un período de alomenos dous anos.

2. A cobertura dos distintos epígrafes da folla corresponderalle ó persoal do servizo de admisión que será o responsable, se procede, de entregarlle ó paciente o seu exemplar da folla debidamente asinado, cuberto e lexible en tódolos seus puntos.

3. O servizo de admisión mecanizará no aplicativo informático e sen modificacións os datos tan só daquelas follas que estean asinadas polo servizo de admisión e, se procede, tamén polo paciente.

4. Deberá cubrirse unha nova folla para cada unha das modificacións que se produzan entre a inclusión e a saída do paciente do rexistro.

Artigo 7º.-Derivacións a centros concertados.

1. O centro remitirá á Dirección Provincial do Sergas unha listaxe periódica dos pacientes que deriva ós centros concertados. Esta listaxe incluirá a seguinte información:

- Nome e apelidos do paciente.
- Teléfono de contacto.
- Data de inclusión.
- GNA.
- Tipo de rexistro de pacientes en espera.
- Prioridade.
- Diagnóstico/procedemento.
- Nome do centro concertado, se procede.
- Sinatura do servizo de admisión.

2. A Dirección Provincial do Sergas remitiralle a cada centro concertado a listaxe cos pacientes que deberá atender. O centro concertado deberá comunicarlle á Dirección Provincial do Sergas e ó centro que derivou ó paciente, no mesmo día que se produza, a resolución da demanda indicando o motivo.

Esta data será mecanizada polo centro remitente como a data de saída do paciente do seu rexistro.

3. O centro concertado tamén deberá comunicarlle ó centro remitente calquera outra circunstancia que supoña a non posibilidade de atención do paciente no centro ó que foi derivado.

Artigo 8º.-Procedemento de inclusión noutros centros do Sergas.

1. Para a inclusión na cola de programación doutros centros do Sergas, o servizo de admisión do centro remitente deberá elaborar e remiti-lo servizo de admisión do centro de destino unha listaxe dos pacientes ós que se lles ofertou e aceptaron a derivación. Esta listaxe incluirá a seguinte información:

- Nome e apelidos do paciente.
- Teléfono de contacto.
- Data de inclusión.
- GNA.
- Tipo de rexistro de pacientes en espera.
- Prioridade.
- Diagnóstico/procedemento.
- Nome do centro de destino.
- Sinatura do servizo de admisión.

2. O centro de destino deberá cumprimentar unha nova folla de inclusión no rexistro de lista de espera coa data de inclusión que figura na listaxe. O motivo de entrada destes pacientes que deberán mecanizar no seu aplicativo informático será prescrición facultativa.

3. Así mesmo, deberá comunicarlle ó servizo de admisión do centro remitente a data de recepción desta listaxe. Esta data será mecanizada polo centro remitente como a data de saída dos pacientes do seu rexistro.

4. O centro de destino tamén deberá comunicarlle o centro remitente calquera outra circunstancia que supoña a non posibilidade de atención dos pacientes.

Artigo 9º.-Movementos no rexistro de pacientes en espera.

1. Os motivos de entrada e saída dun episodio no rexistro de pacientes en espera de atención programada, recóllense no anexo VII, e deberán ser rexistrados na aplicación informática de forma obrigatoria.

2. Cada episodio do rexistro terá un único motivo de entrada e un único motivo de saída.

Disposicións adicionais

Primeira.-Os directores xerentes dos hospitais serán os responsables do correcto cumprimento no seu centro do establecido nesta orde.

Segunda.-Os servizos centrais do Sergas terán acceso ós datos introducidos no sistema informático de cada hospital, que serán recollidos de acordo cos criterios establecidos nesta orde.

Disposición transitoria

Tódolos hospitais do Sergas deberán adapta-los seus procedementos de inclusión no rexistro de pacientes en espera de actividade programada antes do 1 de xullo de 2003.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas a Orde do 15 de xuño de 1995 pola que se completa a estrutura normalizada do sistema de información sanitaria dos hospitais do Sergas, a Orde do 14 de xaneiro de 1997 que modifica á anterior, e a Orde do 25 de novembro de 1998 pola que se normaliza o procedemento de inclusión dos pacientes en colas de programación cirúrxicas e de hospitalización na rede de hospitais do Servicio Galego de Saúde.

Disposición derradeira

Esta orde entra en vigor o día seguinte ó de súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2003.

José María Hernández Cochón
Conselleiro de Sanidade

ANEXO I

Categorías normalizadas

1. Pacientes en espera estrutural: inclúe os pacientes que nun momento dado están en situación de ser atendidos e a súa espera é atribuíble á organización dos recursos dispoñibles. Atendendo á súa situación, estes clasifícanse en:

a) Pacientes programables: inclúe os de pacientes que están en disposición de seren programados en calquera momento.

b) Pacientes en derivación: pacientes os que se lles ofertou e aceptaron a derivación a un centro concertado ou a outro centro do Sergas.

2. Pacientes en espera non estrutural: inclúe os pacientes que nun momento dado están pendentes de seren atendidos, pero a súa espera non é atribuíble á organización dos recursos dispoñibles. Atendendo ás causas que motivan a espera, estes clasifícanse en:

a) Pacientes transitoriamente non programables: a súa programación non é posible nun momento dado, por algunha das seguintes causas:

-Espera médica, por motivos clínicos que contraindican ou non aconsellan temporalmente a atención.

-Espera por estar en situación de: posponse por vontade do paciente.

b) Pacientes en espera trala negación da derivación a un centro concertado ou a outro centro do Sergas.

ANEXO II

Tipos de rexistros de pacientes en espera

01. Hospitalización cirúrxica.

Inclúe todos aqueles pacientes que precisan unha intervención cirúrxica en quirófano, prescrita por un facultativo dun servizo cirúrxico e para a que é necesario programa-lo ingreso no hospital.

02. Procedemento de cirurxía maior ambulatoria en quirófano.

Inclúe todos aqueles pacientes que precisan unha intervención de cirurxía maior en quirófano, prescrita por un facultativo dun servizo cirúrxico e para a que non é necesario programa-lo ingreso no hospital.

03. Procedemento de cirurxía menor ambulatoria.

Inclúe todos aqueles pacientes que precisan unha intervención de cirurxía menor, prescrita por un facultativo dun servizo cirúrxico e para a que non é necesario programa-lo ingreso no hospital.

04. Procedemento con ingreso en sala especial.

Inclúe todos aqueles pacientes que precisan a realización dun procedemento en quirofaniño (non cirúrxico), quirófano (non cirúrxico), salas de cardioloxía, salas de radioloxía, salas de radioterapia ou salas de medicina nuclear, para o que é necesario programa-lo ingreso no hospital.

05. Procedemento ambulatorio en sala especial.

Inclúe todos aqueles pacientes que precisan a realización dun procedemento en quirofaniño (non cirúrxico), quirófano (non cirúrxico), salas de cardioloxía, salas de radioloxía, salas de radioterapia ou salas de medicina nuclear, para o que non é necesario programa-lo ingreso no hospital.

06. Endoscopia con ingreso.

Inclúe todos aqueles pacientes que precisan a realización dunha endoscopia para a que é necesario programa-lo ingreso no hospital.

07. Endoscopia ambulatoria.

Inclúe todos aqueles pacientes que precisan a realización dunha endoscopia para a que non é necesario programa-lo ingreso no hospital.

08. Braquiterapia con ingreso.

Inclúe todos aqueles pacientes que precisan a realización nunha sala de braquiterapia dunha exploración para a que é necesario programa-lo ingreso no hospital.

09. Braquiterapia ambulatoria.

Inclúe todos aqueles pacientes que precisan a realización nunha sala de braquiterapia dunha exploración para a que non é necesario programa-lo ingreso no hospital.

10. Hospitalización médica con ingreso.

Inclúe todos aqueles pacientes que precisan atención médica para a que é necesaria programa-lo ingreso no hospital.

ANEXO III

FOLLA DE INCLUSIÓN NO REGISTRO DE PACIENTES EN ESPERA

DATOS DO PACIENTE	
LOGOTIPO DO HOSPITAL SERVICIO DE ADMISIÓN TELÉFONO HORARIO DATA DE RECEPCIÓN	NHC TARNETA SANITARIA APELLIDOS NOME ENDEZEZO TI.FNO. PERSONAL TI.FNO. CONTACTO NO CASO DE DISPOR DE ETIQUETA PÉGUESE AQUI
PRESCRICIÓN	
MEDICO PRESCRITOR	DATA DE PRESCRICIÓN
SERVICIO PRESCRITOR	
DATOS CLÍNICOS	
DIAGNÓSTICO A	DIAGNÓSTICO B
PROCEDIMENTO A	PROCEDIMENTO B
COORD. CIE XXX.XX	COORD. CIE XXX.XX
COORD. CIE XXX.XX	COORD. CIE XXX.XX
PRIORIDADE	
PRIORIDADE 1 <input type="checkbox"/>	PRIORIDADE 2 <input type="checkbox"/>
PRIORIDADE 3 <input type="checkbox"/>	
DATA PREVISTA DE ATENCIÓN	
DATA APROXIMADA PARA SER ATENDIDO	
TIPO DE REGISTRO	
<input type="checkbox"/> HOSPITALIZACIÓN CIRÚRXICA <input type="checkbox"/> HOSPITALIZACIÓN CIRÚRXICA <input type="checkbox"/> PROCEDIMENTO DE CIRURÍA MAIOR AMBULATORIA EN QUIRÓFANO <input type="checkbox"/> PROCEDIMENTO DE CIRURÍA MAIOR AMBULATORIA <input type="checkbox"/> PROCEDIMENTO DE CIRURÍA MENOR AMBULATORIA <input type="checkbox"/> PROCEDIMENTO DE CIRURÍA MENOR AMBULATORIA <input type="checkbox"/> PROCEDIMENTO CON INGRESO EN SALA ESPECIAL <input type="checkbox"/> PROCEDIMENTO CON INGRESO EN SALA ESPECIAL <input type="checkbox"/> PROCEDIMENTO AMBULATORIO EN SALA ESPECIAL <input type="checkbox"/> HOSPITALIZACIÓN MÉDICA CON INGRESO <input type="checkbox"/> ENDOSCOPIA CON INGRESO <input type="checkbox"/> ENDOSCOPIA AMBULATORIA <input type="checkbox"/> ENDOSCOPIA AMBULATORIA <input type="checkbox"/> BRAQUITERAPIA CON INGRESO <input type="checkbox"/> BRAQUITERAPIA AMBULATORIA <input type="checkbox"/> BRAQUITERAPIA AMBULATORIA <input type="checkbox"/> HOSPITALIZACIÓN MÉDICA CON INGRESO	
PREOPERATORIO	
EXPLORACIÓN RADIOLÓXICA	ELECTROCARDIOGRAMA
ANALÍTICA ORDINARIA	ANALÍTICA ESPECÍFICA
GRUPO SANGÜÍNEO/RH	CONSULTA ANESTÉSICA
OUTRAS PROBAS	
SUSCEPTIBLE DE ANESTESIA	
XERAL <input type="checkbox"/>	LOCAL <input type="checkbox"/>
REGIONAL <input type="checkbox"/>	SEDACIÓN <input type="checkbox"/>
COMBINADA <input type="checkbox"/>	OBSERVACIÓN <input type="checkbox"/>
HEMOTERAPIA	
TRASLADO A CENTRO CONCERTADO	
NON TRASLADAR A CENTRO CONCERTADO <input type="checkbox"/>	
MOTIVO	
OBSERVACIÓN	
SINATURA DO MÉDICO	
SINATURA DO PACIENTE	
DATA INCLUSIÓN	
Asdo. / /	
Asdo. / /	
O paciente va asinor o formulario de obtención do consentimento informado	

EXEMPLAR PARA A HISTORIA CLÍNICA

FOLLA DE INCLUSIÓN NO REGISTRO DE PACIENTES EN ESPERA

DATOS DO PACIENTE	
LOGOTIPO DO HOSPITAL SERVICIO DE ADMISIÓN TELÉFONO HORARIO DATA DE RECEPCIÓN	NHC TARNETA SANITARIA APELLIDOS NOME ENDEZEZO TI.FNO. PERSONAL TI.FNO. CONTACTO NO CASO DE DISPOR DE ETIQUETA PÉGUESE AQUI
PRESCRICIÓN	
MEDICO PRESCRITOR	DATA DE PRESCRICIÓN
SERVICIO PRESCRITOR	
DATOS CLÍNICOS	
DIAGNÓSTICO A	DIAGNÓSTICO B
PROCEDIMENTO A	PROCEDIMENTO B
COORD. CIE XXX.XX	COORD. CIE XXX.XX
COORD. CIE XXX.XX	COORD. CIE XXX.XX
PRIORIDADE	
PRIORIDADE 1 <input type="checkbox"/>	PRIORIDADE 2 <input type="checkbox"/>
PRIORIDADE 3 <input type="checkbox"/>	
DATA PREVISTA DE ATENCIÓN	
DATA APROXIMADA PARA SER ATENDIDO	
TIPO DE REGISTRO	
<input type="checkbox"/> HOSPITALIZACIÓN CIRÚRXICA <input type="checkbox"/> HOSPITALIZACIÓN CIRÚRXICA <input type="checkbox"/> PROCEDIMENTO DE CIRURÍA MAIOR AMBULATORIA EN QUIRÓFANO <input type="checkbox"/> PROCEDIMENTO DE CIRURÍA MAIOR AMBULATORIA <input type="checkbox"/> PROCEDIMENTO DE CIRURÍA MENOR AMBULATORIA <input type="checkbox"/> PROCEDIMENTO DE CIRURÍA MENOR AMBULATORIA <input type="checkbox"/> PROCEDIMENTO CON INGRESO EN SALA ESPECIAL <input type="checkbox"/> PROCEDIMENTO CON INGRESO EN SALA ESPECIAL <input type="checkbox"/> PROCEDIMENTO AMBULATORIO EN SALA ESPECIAL <input type="checkbox"/> HOSPITALIZACIÓN MÉDICA CON INGRESO <input type="checkbox"/> ENDOSCOPIA CON INGRESO <input type="checkbox"/> ENDOSCOPIA AMBULATORIA <input type="checkbox"/> ENDOSCOPIA AMBULATORIA <input type="checkbox"/> BRAQUITERAPIA CON INGRESO <input type="checkbox"/> BRAQUITERAPIA AMBULATORIA <input type="checkbox"/> BRAQUITERAPIA AMBULATORIA <input type="checkbox"/> HOSPITALIZACIÓN MÉDICA CON INGRESO	
PREOPERATORIO	
EXPLORACIÓN RADIOLÓXICA	ELECTROCARDIOGRAMA
ANALÍTICA ORDINARIA	ANALÍTICA ESPECÍFICA
GRUPO SANGÜÍNEO/RH	CONSULTA ANESTÉSICA
OUTRAS PROBAS	
SUSCEPTIBLE DE ANESTESIA	
XERAL <input type="checkbox"/>	LOCAL <input type="checkbox"/>
REGIONAL <input type="checkbox"/>	SEDACIÓN <input type="checkbox"/>
COMBINADA <input type="checkbox"/>	OBSERVACIÓN <input type="checkbox"/>
HEMOTERAPIA	
TRASLADO A CENTRO CONCERTADO	
NON TRASLADAR A CENTRO CONCERTADO <input type="checkbox"/>	
MOTIVO	
OBSERVACIÓN	
SINATURA DO MÉDICO	
SINATURA DO PACIENTE	
DATA INCLUSIÓN	
Asdo. / /	
Asdo. / /	
O paciente va asinor o formulario de obtención do consentimento informado	

EXEMPLAR PARA O SERVICIO DE ADMISIÓN

FOLLA DE INCLUSIÓN NO REGISTRO DE PACIENTES EN ESPERA

DATOS DO PACIENTE	
LOGOTIPO DO HOSPITAL SERVICIO DE ADMISIÓN TELÉFONO HORARIO	NHC TARXETA SANITARIA APELIDOS NOME DATA NACEMENTO SEXO V M ENDEZEZO TEL. PERSOAL TEL. PNO. CONTACTO NO CASO DE DISPOÑER DE ETIQUETA PREGUESE AQUI
PRESCRICIÓN	
MÉDICO PRESCRITOR SERVICIO PRESCRITOR	DATA DE PRESCRICIÓN
DATOS CLÍNICOS	
DIAGNÓSTICO A COD. CIE XXX.XX	DIAGNÓSTICO B COD. CIE XXX.XX
PROCEDIMENTO A COD. CIE XXX.XX	PROCEDIMENTO B COD. CIE XXX.XX
PRIORIDADE	
PRIORIDADE 1 <input type="checkbox"/>	PRIORIDADE 2 <input type="checkbox"/>
PRIORIDADE 3 <input type="checkbox"/>	DATA PREVISTA DE ATENCIÓN DATA APROXIMADA PARA SER ATENDIDO
INFORMACIÓN PARA O PACIENTE	
<p>No caso de que vostede non asine esta folia no momento no que se lle entregue, disporá de 90 días contados dende a data da prescripción para entrega-la asinada no servizo de admisión do hospital. Se non o fai dentro deste prazo, esta folia caducará</p> <p>LEA CON ATENCIÓN AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO DESTA FOLLA</p>	
TRASLADO A CENTRO CONCERTADO	
NON TRASLADAR A CENTRO CONCERTADO <input type="checkbox"/>	MOTIVO
SINATURA DO MÉDICO	SINATURA DO PACIENTE
A.SBO.	DATA INCLUSIÓN A.SBO.

o paciente se asinou o formulario de obtención do consentimento informado

EXEMPLAR PARA O PACIENTE

ANEXO III (continuación)

Instruccións do reverso do exemplar para o paciente da folia de inclusión no rexistro de pacientes en espera

Información para o paciente.

O médico que o atende considerou que o seu proceso require unha resolución non urxente, motivo polo que foi incluído na lista de espera do hospital.

A partir do momento en que vostede asine esta folia e a entregue no hospital adquirímo-lo compromiso de poñer en marcha as accións necesarias para a resolución da súa demanda no menor prazo posible. Para acadar este obxectivo e garanti-la boa

xestión da lista de espera, precisamos da súa colaboración e comprensión nas seguintes cuestións:

1. Se cambia de domicilio ou teléfono, rogámoslle informe dos novos datos ó servizo de admisión; doutra forma resultaríanos imposible localizalo.

2. Para confirmarlle a data en que será atendido, o servizo de admisión porase en contacto con vostede por vía telefónica.

a) Se despois de 2 días consecutivos de chamada non é posible localizalo, enviaremos un correo certificado urxente con xustificante de recepción e se no prazo de 7 días, trala recepción da carta, aínda non se tivese posto en contacto co hospital, enten-

deriamos que rexeita a súa petición de asistencia, polo que sería excluído da lista de espera.

b) Caso de que vostede, antes de recibila chamada, deixara de precisa-la atención solicitada, agradeceríamolle que nolo notificase para a súa exclusión da lista de espera, co que axudaría a unha máis rápida atención a outros pacientes en situación semellante.

3. Unha vez confirmada a data en que será atendido:

a) No caso de producirse algunha circunstancia que lle impida acudir ó hospital nos días sinalados, rogámoslle que nolo comunique o antes posible, poñéndose en contacto co servizo de admisión.

b) Se non acode á cita e o motivo polo que non o fai non é xustificativo, o hospital entende que vostede renuncia á súa solicitude de atención, polo que sería excluído da lista de espera.

4. Co fin de diminuí-lo tempo de espera, este hospital pode contar co apoio doutros centros sanitarios acreditados para a resolución da súa patoloxía. Se ante a imposibilidade de operalo nun prazo razoable no noso hospital, ofertámoslle acudir a outro centro, teña a absoluta certeza de que nese centro a asistencia é de total garantía.

5. Se vostede ve que se supera a data prevista para prestarlle o servizo, sen que o hospital contacte con vostede, non dubide en chamar.

Esperamos satisfacer tódalas súas necesidades de información sobre a súa situación na lista de espera. Non obstante, quedamos á súa disposición para calquera aclaración, para o que poderá dirixirse o servizo de admisión do hospital no horario que figura nesta folla.

Agradecemoslle a confianza depositada neste hospital.

A dirección do hospital

ANEXO IV

Sección A: datos comúns.

Os datos seguintes son obrigatorios nos exemplares para a historia clínica, o servizo de admisión e o paciente.

a) Datos xerais.

Estarán preimpresos nos tres exemplares:

-Logotipo e nome do hospital.

-Teléfono do servizo de admisión.

-Horario de atención ó público do servizo de admisión.

b) Datos administrativos do usuario.

O formulario levará un espazo reservado para a etiqueta que contén os datos do paciente, que se

colocará nos tres exemplares. Noutro espazo levará tamén en branco os seguintes epígrafes:

-Número de historia clínica.

-Número de tarxeta sanitaria.

-Apelidos e nome do paciente.

-Data de nacemento.

-Sexo.

-Enderezo actualizado.

-Teléfono persoal actualizado.

-Segundo teléfono de contacto.

A maioría destes datos están incluídos na etiqueta identificativa. O facultativo unicamente cubrirá de forma manuscrita os datos que falten.

c) Prescrición.

Consignaranse os datos da unidade que fai a inclusión en lista de espera. Levará os seguintes epígrafes, que cubrirá obrigatoria e completamente o facultativo que prescribe a atención:

-Médico prescriptor: nome e apelidos do facultativo.

-Servizo prescriptor: servizo ó que pertence o médico prescriptor.

-Data de prescrición: data na que o facultativo prescriptor asina a folla de inclusión.

d) Datos clínicos.

Este punto será cuberto polo facultativo que prescribe a atención.

O persoal do servizo de admisión introducirá no aplicativo informático os literais dos diagnósticos e procedementos escritos polos facultativos prescritores na folla inclusión en cola de programación, e asignará códigos CIE provisionais.

O persoal da unidade de codificación recollerá esta información e revisará e corruxará, se é o caso, só os códigos CIE, sendo un deles o responsable desta actividade. Tras esta revisión, os códigos serán considerados validados e definitivos.

A codificación inclúe tódolos tipos de colas de programación definidos nesta orde e os que se incorporan con posterioridade á súa data de entrada en vigor.

e) Prioridade.

Este punto será consignado polo facultativo que prescribe a atención. Recollerase a prioridade clínica segundo o seguinte criterio:

-Prioridade 1: inclúe os pacientes nos que a súa atención, sendo programable, non admite unha espera superior ós 30 días.

-Prioridade 2: inclúe os pacientes con situación clínica ou social que admite unha espera relativa, sendo recomendable a atención nun prazo inferior a 90 días.

-Prioridade 3: inclúe os pacientes con patoloxías que permitan a espera no tratamento, xa que non produce secuelas importantes.

f) Data aproximada para ser atendido.

O facultativo prescriptor cubrirá este punto en función do tempo previsto de espera para a patoloxía do paciente no momento da inclusión.

g) Paciente non derivable a centro concertado.

O facultativo deberá marcar se o paciente non se debe derivar a un centro concertado e o motivo polo que non se lle debe de oferta-la derivación.

h) Sinaturas.

Sinaturas do facultativo que prescribe a inclusión no rexistro de pacientes en espera e do paciente aceptándoa, que inclúe a lenda «o paciente xa asinou o formulario de obtención do consentimento informado».

i) Data de inclusión.

A data de inclusión é a que determina a anti-güidade do paciente no rexistro.

O paciente pode asina-la folla de inclusión no momento da prescrición ou con posterioridade. No primeiro caso, a data de inclusión será a mesma que a data de prescrición. No segundo caso, a data de inclusión será aquela na que se entregue a folla de inclusión asinada polo paciente no servico de admisión.

O paciente disporá de 90 días naturais para entregar no servico de admisión do hospital a folla de inclusión asinada. Transcorrido ese tempo, a folla de inclusión no rexistro de pacientes en espera caducará.

Sección B: datos complementarios.

Os datos seguintes son obrigatorios nalgún dos tres exemplares.

a) Tipo de rexistro de pacientes en espera.

Constará nos exemplares para a historia clínica e o servico de admisión. O facultativo prescriptor sinalará o tipo de rexistro de que se trate:

01. Hospitalización cirúrxica.
02. Procedemento de cirurxía maior ambulatoria en quirófano.
03. Procedemento de cirurxía menor ambulatoria.
04. Procedemento con ingreso en sala especial.
05. Procedemento ambulatorio en sala especial.
06. Endoscopia con ingreso.
07. Endoscopia ambulatoria.
08. Braquiterapia con ingreso.
09. Braquiterapia ambulatoria.
10. Hospitalización médica con ingreso.

b) Estudio preoperatorio.

Este punto é obrigatorio nos exemplares para a historia clínica e o servico de admisión. Cada hospital, atendendo ás súas particularidades e ós protocolos que existen consensuados co servico de anestesia, consignará os estudos que considere oportunos. Os que a continuación se sinalan son a título orientativo:

- Exploración radiolóxica.
 - Electrocardiograma.
 - Analítica ordinaria.
 - Analítica específica.
 - Grupo sanguíneo/RH.
 - Consulta de anestesia.
 - Outras probas.
- c) Anestesia.

Este punto é obrigatorio nos exemplares para a historia clínica e o servico de admisión. O facultativo sinalará a que proceda, sen menoscabo da opinión do servico de anestesia.

- Xeral.
- Local.
- Rexional.
- Combinada.
- Sedación.
- Sen anestesia.

Observacións: consignaranse datos ou aspectos relacionados coa anestesia que se consideren significativos.

d) Hemoterapia.

Este punto é obrigatorio nos exemplares para a historia clínica e o servico de admisión. O facultativo sinalará se é preciso ou non:

- Apoio hemoterápico.
- Autotransfusión.

n) Data de recepción do formulario no servico de admisión.

É obrigatorio no exemplar para o servico de admisión.

e) Observacións.

Este punto é obrigatorio nos exemplares para a historia clínica e o servico de admisión. Inclúe as consideracións do facultativo para o servico de admisión. O facultativo prescriptor formulará aquí as advertencias, notas e datos significativos do paciente que deban ser tidos en conta polo servico de admisión. Tamén inclúe as consideracións do servico de admisión: anotaranse tódalas circunstancias por parte de admisión que teñan relación coa programación da atención.

g) Información para o usuario.

É obrigatoria no exemplar para o paciente.

FOLLA DE MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓN DO REGISTRO DE PACIENTES EN ESPERA POR INICIATIVA MÉDICA

DATOS DO PACIENTE

LOGOTIPO DO HOSPITAL

NHC

NOME E APELLIDOS

TELÉFONO PERSONAL

TELÉFONO CONTACTO

NO CASO DE DISPOR DE ETIQUETA PÉGUESE AQUI

FACULTATIVO RESPONSABLE

NOME E APELLIDOS

SERVICIO

DIAGNÓSTICO/PROCEDEMENTO

CONDICIÓN DO REGISTRO

EXCLUIDO POR ORDE FACULTATIVA

ESPERA MÉDICA

CAMBIO DE PRIORIDADE

CAMBIO DE TIPO DE REGISTRO

CAMBIO DE SERVIZO

MOTIVO

MOTIVO

NOVA PRIORIDADE

NOVO TIPO REGISTRO

NOVO SERVIZO

TEMPO PREVISTO días

PRIORIDADE 1

PRIORIDADE 2

PRIORIDADE 3

DATA DE MODIFICACIÓN

OBSERVACIÓNS

SINATURA DO FACULTATIVO

EXEMPLAR PARA O SERVIZO DE ADMISIÓN

ANEXO V

FOLLA DE MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓN DO REGISTRO DE PACIENTES EN ESPERA POR INICIATIVA MÉDICA

DATOS DO PACIENTE

LOGOTIPO DO HOSPITAL

NHC

NOME E APELLIDOS

TELÉFONO PERSONAL

TELÉFONO CONTACTO

NO CASO DE DISPOR DE ETIQUETA PÉGUESE AQUI

FACULTATIVO RESPONSABLE

NOME E APELLIDOS

SERVICIO

DIAGNÓSTICO/PROCEDEMENTO

CONDICIÓN DO REGISTRO

EXCLUIDO POR ORDE FACULTATIVA

ESPERA MÉDICA

CAMBIO DE PRIORIDADE

CAMBIO DE TIPO DE REGISTRO

CAMBIO DE SERVIZO

MOTIVO

MOTIVO

NOVA PRIORIDADE

NOVO TIPO REGISTRO

NOVO SERVIZO

TEMPO PREVISTO días

PRIORIDADE 1

PRIORIDADE 2

PRIORIDADE 3

DATA DE MODIFICACIÓN

OBSERVACIÓNS

SINATURA DO FACULTATIVO

EXEMPLAR PARA A HISTORIA CLÍNICA

ANEXO VI

FOLLA DE MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓN DO REGISTRO DE PACIENTES EN ESPERA POR INICIATIVA MÉDICA

DATOS DO PACIENTE

LOGOTIPO DO HOSPITAL

NHC

NOME E APELLIDOS

TELÉFONO PERSONAL

TELÉFONO CONTACTO

NO CASO DE DISPOR DE ETIQUETA PÉGUESE AQUI

FACULTATIVO RESPONSABLE

NOME E APELLIDOS

SERVICIO

DIAGNÓSTICO/PROCEDEMENTO

CONDICIÓN DO REGISTRO

EXCLUIDO POR ORDE FACULTATIVA

ESPERA MÉDICA

CAMBIO DE PRIORIDADE

CAMBIO DE TIPO DE REGISTRO

CAMBIO DE SERVICIO

MOTIVO

MOTIVO

NOVA PRIORIDADE

NOVO TIPO REGISTRO

NOVO SERVICIO

TEMPO PREVISTO

dias

PRIORIDADE 1

PRIORIDADE 2

PRIORIDADE 3

DATA DE MODIFICACIÓN

OBSERVACIÓN

SINATURA DO FACULTATIVO

EXEMPLAR PARA O PACIENTE

FOLLA DE MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓN DE LISTA DE ESPERA POR INICIATIVA DO PACIENTE

DATOS DO PACIENTE

LOGOTIPO DO HOSPITAL

NHC

NOME E APELLIDOS

TELÉFONO PERSONAL

TELÉFONO CONTACTO

NO CASO DE DISPOR DE ETIQUETA PÉGUESE AQUI

FACULTATIVO RESPONSABLE

NOME E APELLIDOS

SERVICIO

CONDICIÓN DO REGISTRO

RENUNCIA VOLUNTARIA

POSPONE VORTADE PACIENTE

TRASLADO A CENTRO CONCERTADO

TRASLADO A OUTRO CENTRO DO SERGAS

REXEITE OFERTA TRASLADO CENTRO CONCERTADO

REXEITE OFERTA TRASLADO OUTRO CENTRO SERGAS

MOTIVO

MOTIVO

NOME DO CENTRO

NOME DO CENTRO

NOME DO CENTRO

NOME DO CENTRO

TEMPO PREVISTO

dias

DATA DE MODIFICACIÓN

MODO DE CONTACTO

TELEFÓNICO

PRESENCIAL

DIAGNÓSTICO/PROCEDEMENTO

SINATURA DE ADMISIÓN

SINATURA DO PACIENTE

OBSERVACIÓN

EXEMPLAR PARA A HISTORIA CLÍNICA

FOLLA DE MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓNIS DE LISTA DE ESPERA POR INICIATIVA DO PACIENTE

DATOS DO PACIENTE	
LOGOTIPO DO HOSPITAL	NHC <input type="text"/> NOME E APELLIDOS <input type="text"/> TELÉFONO PERSONAL <input type="text"/> TELÉFONO CONTACTO <input type="text"/> <small>NO CASO DE DISPOR DE ETIQUETA PÉGUESE AQUI</small>

DATOS DO PACIENTE	
LOGOTIPO DO HOSPITAL	NHC <input type="text"/> NOME E APELLIDOS <input type="text"/> TELÉFONO PERSONAL <input type="text"/> TELÉFONO CONTACTO <input type="text"/> <small>NO CASO DE DISPOR DE ETIQUETA PÉGUESE AQUI</small>

FACULTATIVO RESPONSABLE	
NOME E APELLIDOS <input type="text"/>	SERVICIO <input type="text"/>

FACULTATIVO RESPONSABLE	
NOME E APELLIDOS <input type="text"/>	SERVICIO <input type="text"/>

CONDICIÓNIS DO REXISTRO	
<input type="checkbox"/> RENUNCIA VOLUNTARIA	MOTIVO <input type="text"/>
<input type="checkbox"/> POSPONSE VONTADE PACIENTE	MOTIVO <input type="text"/> TEMPO PREVISTO <input type="text"/> días
<input type="checkbox"/> TRASLADO A CENTRO CONCERTADO	NOME DO CENTRO <input type="text"/>
<input type="checkbox"/> TRASLADO A OUTRO CENTRO DO SERGAS	NOME DO CENTRO <input type="text"/>
<input type="checkbox"/> REXEITE OFERTA TRASLADO CENTRO CONCERTADO	NOME DO CENTRO <input type="text"/>
<input type="checkbox"/> REXEITE OFERTA TRASLADO OUTRO CENTRO SERGAS	NOME DO CENTRO <input type="text"/>
DATA DE MODIFICACIÓN <input type="text"/> / <input type="text"/> / <input type="text"/>	

CONDICIÓNIS DO REXISTRO	
<input type="checkbox"/> RENUNCIA VOLUNTARIA	MOTIVO <input type="text"/>
<input type="checkbox"/> POSPONSE VONTADE PACIENTE	MOTIVO <input type="text"/> TEMPO PREVISTO <input type="text"/> días
<input type="checkbox"/> TRASLADO A CENTRO CONCERTADO	NOME DO CENTRO <input type="text"/>
<input type="checkbox"/> TRASLADO A OUTRO CENTRO DO SERGAS	NOME DO CENTRO <input type="text"/>
<input type="checkbox"/> REXEITE OFERTA TRASLADO CENTRO CONCERTADO	NOME DO CENTRO <input type="text"/>
<input type="checkbox"/> REXEITE OFERTA TRASLADO OUTRO CENTRO SERGAS	NOME DO CENTRO <input type="text"/>
DATA DE MODIFICACIÓN <input type="text"/> / <input type="text"/> / <input type="text"/>	

MODO DE CONTACTO	
<input type="checkbox"/> TELEFÓNICO <input type="checkbox"/> PRESENCIAL	
DIAGNÓSTICO/PROCEDEMENTO	
<input type="text"/>	

MODO DE CONTACTO	
<input type="checkbox"/> TELEFÓNICO <input type="checkbox"/> PRESENCIAL	
DIAGNÓSTICO/PROCEDEMENTO	
<input type="text"/>	

SINATURA DE ADMISIÓN	SINATURA DO PACIENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
OBSERVACIÓNIS	
<input type="text"/>	

SINATURA DE ADMISIÓN	SINATURA DO PACIENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>
OBSERVACIÓNIS	
<input type="text"/>	

EXEMPLAR PARA O PACIENTE

EXEMPLAR PARA O SERVICIO DE ADMISIÓN

ANEXO VII

Movements no rexistro de pacientes en espera
Motivos de entrada.

1. Prescrición facultativa.

Tódolos pacientes entran no rexistro trala formalización polo facultativo prescriptor e o asinamento do paciente da folla de inclusión no rexistro de pacientes en espera.

Motivos de saída.

1. Demanda satisfeita programada no hospital.

Satisfácese a demanda no propio centro hospitalario de xeito programado. Trátase dun paciente que acode ó hospital cando é chamado polo servizo de admisión e é atendido polo mesmo problema polo que estaba en espera.

2. Demanda satisfeita urxente no hospital.

Satisfácese a demanda no propio centro hospitalario de xeito urxente. Trátase dun paciente que acode a urxencias e é atendido polo mesmo proceso polo que estaba en espera.

3. Excluído por orde facultativa.

Neste caso debe existir un informe médico onde se estableza a contraindicación permanente ou non necesidade do tratamento que motivou a súa inclusión.

4. Renuncia voluntaria.

Prodúcese cando os pacientes cos que se establece contacto indican que, a pesar de non resolve-lo problema e non ter indicación médica en contra, non están interesados en someterse ó proceso que demandaban, de acordo co exemplar para o paciente da folla de inclusión no rexistro de pacientes en espera.

5. Exitus.

Inclúe os pacientes que faleceron estando en espera.

6. Posponse por vontade do paciente sen causa xustificada.

Nesta situación, o paciente manifesta sen xustificación a súa imposibilidade de acudir ó centro.

7. Paciente non localizado.

Non se pode contactar co paciente aplicando o protocolo de localización, consistente en dúas chamadas telefónicas en 48 horas e unha carta certificada con xustificante de recepción, na que se establece un prazo de 7 días para que o paciente se poña en contacto co centro.

8. Satisfacción da demanda por outros medios.

Pacientes que resolveron o seu problema por iniciativa propia noutros centros.

9. Non acude á cita.

Pacientes cos que se establece contacto e se programou a actuación para unha data determinada. Dáse un prazo de 7 días no que o paciente non

se pon en contacto co centro ou a causa pola que non acudiu non é xustificada.

10. Demanda satisfeita en centro concertado.

Satisfácese a demanda nun centro concertado. Trátase dun paciente que aceptou a derivación a un centro concertado e é atendido neste polo mesmo proceso polo que estaba en espera.

11. Inclusión noutro centro do Sergas.

Inclúese o paciente no rexistro de pacientes en espera doutro centro do Sergas. Trátase dun paciente que aceptou a derivación a outro centro do Sergas e foi incluído no rexistro de pacientes en espera do centro de destino polo mesmo proceso polo que estaba en espera.

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Resolución do 7 de maio de 2003, da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se lle dá publicidade ó acordo da comisión paritaria de acción social sobre os criterios de reparto do fondo de acción social para o ano 2003 do persoal ó servizo da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia.

De conformidade co acordado pola comisión paritaria de acción social, dependente da mesa sectorial de negociación do persoal ó servizo da Administración de xustiza, en reunións celebradas os días 24 de abril e 6 de maio de 2003 polos representantes da Administración autonómica e as organizacións sindicais presentes na negociación, sobre os criterios de reparto do fondo de acción social para o ano 2003 do referido persoal, e segundo o establecido nelas, esta dirección xeral

ACORDA:

Primeiro.-Facer público o programa de acción social de 2003 e darlle a máxima difusión entre os órganos xudiciais, quedando exposto nos taboleiros de anuncios da Dirección Xeral de Xustiza, no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, nas audiencias provinciais, nos xulgados decanos e no Servizo de Xerencia na Coruña.

Segundo.-O prazo de presentación de instancias será o abranguido entre o día 1 de xuño e o 31 de xullo, ámbolos dous incluídos.

Santiago de Compostela, 7 de maio de 2003.

Juan José Martín Álvarez
Director xeral de Xustiza

CONSELLERÍA DE FAMILIA, XUVENTUDE E VOLUNTARIADO

Resolución do 23 de maio de 2003, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se procede á publicación da relación definitiva de nenos admitidos para o curso 2003/2004 nos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado.

Con data do 26 de febreiro de 2003 publicouse a Orde do 21 de febreiro de 2003 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado para o curso 2003/2004.

Estudiadas pola comisión de baremación tódalas reclamacións presentadas, e resoltas pola delegada provincial, procédese á publicación definitiva de admitidos e da lista de espera coa puntuación obtida e a tarifa correspondente a cada caso.

Estas reclamacións enténdense resoltas coa publicación da lista definitiva, que se poderá consultar tanto nos respectivos centros como nas delegacións provinciais da consellería, no DOG e na páxina web da Dirección Xeral de Familia (www.xunta.es/conselle/fm/dxf/inex.htm).

Os solicitantes admitidos dispoñen dun prazo de 10 días a partir da publicación da admisión para confirmaren a súa praza, presentando certificado médico do neno/a nas delegacións provinciais desta consellería, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se non se presentase a devandita documentación no prazo sinalado, terase por decaída a solicitude da praza, logo de resolución en tal sentido.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante a Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado no prazo dun mes, que comezará a contar desde a publicación desta resolución.

A Coruña, 23 de maio de 2003.

María Rosa Gómez Díaz
Delegada provincial da Coruña

Resolución do 23 de maio de 2003, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se procede á publicación da relación definitiva de nenos admitidos para o curso 2003/2004 nos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado.

Con data do 26 de febreiro de 2003 publicouse a Orde do 21 de febreiro de 2003 pola que se regula

o procedemento de adxudicación de prazas nos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado para o curso 2003/2004.

Estudiadas pola comisión de baremación tódalas reclamacións presentadas, e resoltas pola delegada provincial, procédese á publicación definitiva de admitidos e da lista de espera coa puntuación obtida e a tarifa correspondente a cada caso.

Estas reclamacións enténdense resoltas coa publicación da lista definitiva, que se poderá consultar tanto nos respectivos centros como nas delegacións provinciais da consellería, no DOG e na páxina web da Dirección Xeral de Familia (www.xunta.es/conselle/fm/dxf/inex.htm).

Os solicitantes admitidos dispoñen dun prazo de 10 días a partir da publicación da admisión para confirmaren a súa praza, presentando certificado médico do neno/a nas delegacións provinciais desta consellería, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se non presentase a devandita documentación no prazo sinalado, terase por decaída a solicitude da praza, logo de resolución en tal sentido.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante a Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado no prazo dun mes, que comezará a contar desde a publicación desta resolución.

Lugo, 23 de maio de 2003.

Coro Piñeiro Vázquez
Delegada provincial de Lugo

Resolución do 23 de maio de 2003, da Delegación Provincial de Pontevedra, pola que se procede á publicación da relación definitiva de nenos admitidos para o curso 2003/2004 nos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado.

Con data do 26 de febreiro de 2003 publicouse a Orde do 21 de febreiro de 2003 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado para o curso 2003/2004.

Estudiadas pola comisión de baremación tódalas reclamacións presentadas, e resoltas polo delegado provincial, procédese á publicación definitiva de admitidos e da lista de espera coa puntuación obtida e a tarifa correspondente a cada caso.

Estas reclamacións enténdense resoltas coa publicación da lista definitiva, que se poderá consultar tanto nos respectivos centros como nas delegacións provinciais da consellería, no DOG e na páxina web

da Dirección Xeral de Familia (www.xunta.es/conselle/fm/dxf/inex.htm).

Os solicitantes admitidos dispoñen dun prazo de 10 días a partir da publicación da admisión para confirmaren a súa praza, presentando certificado médico do neno/a nas delegacións provinciais desta consellería, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se non se presentase a devandita documentación no prazo sinalado, terase por decaída a solicitude da praza, logo de resolución en tal sentido.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante a Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado no prazo dun mes, que comezará a contar desde a publicación desta resolución.

Pontevedra, 23 de maio de 2003.

Francisco José González Vicente
Delegado provincial de Pontevedra

Resolución do 23 de maio de 2003, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se procede á publicación da relación definitiva de nenos admitidos para o curso 2003/2004 nos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado.

Con data do 26 de febreiro de 2003 publicouse a Orde do 21 de febreiro de 2003 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado para o curso 2003/2004.

Estudiadas pola comisión de baremación tódalas reclamacións presentadas, e resoltas polo delegado provincial, procédese á publicación definitiva de admitidos e da lista de espera coa puntuación obtida e a tarifa correspondente a cada caso.

Estas reclamacións enténdense resoltas coa publicación da lista definitiva, que se poderá consultar tanto nos respectivos centros como nas delegacións provinciais da consellería, no DOG e na páxina web da Dirección Xeral de Familia (www.xunta.es/conselle/fm/dxf/inex.htm).

Os solicitantes admitidos dispoñen dun prazo de 10 días a partir da publicación da admisión para confirmaren a súa praza, presentando certificado

médico do neno/a nas delegacións provinciais desta consellería, sen prexuízo do disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Se non se presentase a devandita documentación no prazo sinalado, terase por decaída a solicitude da praza, logo de resolución en tal sentido.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante a Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado no prazo dun mes, que comezará a contar desde a publicación desta resolución.

Ourense, 23 de maio de 2003.

Isidro José Cabero Juárez
Delegado provincial de Ourense

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Corrección de erros.-Resolución do 6 de marzo de 2003, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo da empresa Megasa Siderúrgica, S.L.

Advertidos erros na devandita resolución, publicada no DOG nº 84, do venres 2 de maio de 2003, cómpre face-las seguintes correccións:

-Na páxina 5.536, artigo 22º, xornada de traballo, no segundo parágrafo, onde di: «..., se non coinciden en sábado ou restivo», debe dicir: «..., se non coinciden en sábado ou domingo».

-Na páxina 5.538, no anexo ó convenio baixo o epígrafe Xornadas (II), onde di:

«M4: de 6 a 10 (máximo de 20 por quenda e ano).
M5: de 6 a 11 (máximo de 20 por quenda e ano).».

Debe dicir:

«M4: de 06.00 a 10.00	(máximo de 20 por quenda e ano.)»
M5: de 06.00 a 11.00	

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 22 de maio de 2003 pola que se fai público o contido do convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), Sepi Desarrollo Empresarial, S.A. (Sepides) e as entidades financeiras adheridas para a habilitación dunha liña de microcréditos para autónomos e microempresas.

A Xunta de Galicia e a Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), no ámbito do Plan Galicia e do Plan de Dinamización Económica recentemente aprobados polo Goberno da nación e pola Xunta de Galicia, respectivamente, subscribiron un convenio marco para desenvolver coordinadamente un conxunto de medidas para impulsar e estimular a actividade económica en Galicia e contribuír así a paliar os efectos causados polo naufraxio do buque petrolero Prestige.

Entre as medidas incluídas prevese a posta á disposición das empresas galegas por parte de *Sepi Desarrollo Empresarial, S.A.* (entidade dependente da SEPI) e do Igape dunha liña de financiamento de microcréditos, que as partes entenden que debe favorecer o acceso ó financiamento, ó desenvolvemento das microempresas en xeral, e á cobertura das necesidades específicas das novas microempresas en particular.

Con data do 20 de maio, o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), *Sepi Desarrollo Empresarial, S.A.* e 17 entidades financeiras adheridas asinaron un convenio para a creación e posta en marcha dunha liña de financiamento de microcréditos para microempresas que desenvolvan a súa actividade en Galicia.

Polo que antecede, e en virtude das facultades que teño conferidas mediante o artigo 12 a) da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica, e do artigo 11.1º a) do Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o regulamento do Igape,

RESOLVO:

Facer público o texto do convenio como anexo I e a relación de entidades financeiras adheridas que subscribiron e que figura como anexo II.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2003.

Margarita Rodríguez Rama
Directora xeral do Instituto Galego
de Promoción Económica

ANEXO I

Convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), *Sepi Desarrollo*

Empresarial, S.A. (Sepides) e as entidades financeiras adheridas, para a habilitación dunha liña de microcréditos para autónomos e microempresas que realicen a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

En Santiago de Compostela 20 de maio de 2003.

Reunidos:

-José Antonio Orza Fernández, conselleiro de Economía e Facenda, en nome e representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en diante Igape) na súa calidade de presidente, representación nata que lle corresponde de acordo coa Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Igape.

-Javier Goizueta Sánchez, en nome e representación da entidade *Sepi Desarrollo Empresarial, S.A.* (en diante Sepides), na súa calidade de presidente de Sepides.

Considerando que:

I. A Xunta de Galicia e a Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), no ámbito do Plan Galicia e do Plan de Dinamización Económica recentemente aprobados polo Goberno da nación e pola Xunta de Galicia, respectivamente, subscribiron un convenio marco para desenvolver coordinadamente un conxunto de medidas para impulsar e estimular a actividade económica en Galicia e contribuír así a paliar os efectos causados polo naufraxio do buque petrolero Prestige.

II. Desde o 28 de marzo de 2002, ó abeiro dun convenio celebrado entre o Igape, a *Compañía Española de Reafianciamento, S.A.*, as sociedades de garantía recíproca galegas e diversas entidades financeiras, está á disposición das microempresas galegas unha liña de financiamento de microcréditos orientada a financiar a realización de investimentos en activos fixos.

III. O efecto dinamizador das actividades desenvolvidas polos empresarios autónomos e microempresas, sobre todo respecto á súa capacidade xeradora de emprego, tivo ó longo destes últimos anos un claro recoñecemento por parte das institucións públicas que realizaron importantes esforzos para favorecer estes colectivos desde os diferentes ámbitos: fiscal, prestacións sociais, apoios financeiros, simplificación de obrigas contables, etc., proceso no que se integra un novidoso marco procedemental desenvolvido pola Lei da Sociedade Limitada Nova Empresa. Sen embargo, en moitos casos, os niveis de risco inherentes ó inicio dunha nova actividade empresarial por parte de empresarios autónomos e microempresas provocan especiais dificultades para o acceso a fontes de financiamento en condicións axeitadas. Adicionalmente, estes proxectos contan ademais coa necesidade de financiar investimentos en aprovisionamentos iniciais de existencias. Estes aspectos aconsellan impulsar a existencia de canles de financiamento específicas para estes novos empresarios, sen obviar, non obstante, outras microempresas con necesidades similares para o seu

crecemento e consolidación que, considerando a viabilidade dos proxectos como elemento básico, conten cunha maior implicación da Administración para compartí-los riscos que pode implica-la súa posta en marcha, tendo en conta as necesidades de financiamento do capital circulante e de extensión dos prazos de reembolso. Búscase, a través da colaboración de Sepides e Igape, complementa-lo actual programa de microcréditos operativo en Galicia desde 2002, dando resposta máis específica a estes colectivos.

IV. Entre as medidas incluídas no convenio marco citado prevese a posta á disposición das empresas galegas por parte de *Sepi Desarrollo Empresarial, S.A.* (entidade dependente da SEPI) e do Igape dunha liña de financiamento de microcréditos, que as partes entenden que debe favorecer-lo acceso ó financiamento, ó desenvolvemento das microempresas en xeral, e á cobertura das necesidades específicas comentadas anteriormente das novas microempresas en particular.

As partes previamente postas de acordo conveñen en subscribir este convenio de colaboración con suxeición ás seguintes cláusulas:

Cláusula 1ª.-Obxecto.

1.1. Este convenio ten por obxecto defini-los termos de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), *Sepi Desarrollo Empresarial, S.A.* (Sepides) e as entidades financeiras adheridas para a creación e posta en marcha dunha liña de financiamento de microcréditos para microempresas que desenvolvan a súa actividade en Galicia.

Cláusulas 2ª.-Beneficiarios do financiamento.

2.1. Poderán acceder ó mecanismo de financiamento previsto neste convenio aquelas empresas e autónomos con domicilio fiscal en Galicia que teñan a consideración de microempresas conforme a definición establecida pola Comisión Europea.

2.2. Para os ditos efectos, terá a consideración de microempresa a unidade económica con personalidade física ou xurídica, que reúna cada un dos seguintes requisitos:

a) Que teña menos de 10 traballadores. O número de empregados corresponderá ó número de unidades de traballo/ano (UTA), é dicir, o número de asalariados a xornada completa empregados durante un ano, constituíndo o traballo a tempo parcial ou o traballo estacional fraccións de UTA. Como ano de referencia tomarase o ano do último exercicio pechado.

b) Que teña un volume de negocios anual non superior a 7 millóns de euros, ou ben un balance xeral anual que non exceda de 5 millóns de euros. Os ditos límites calcularanse segundo o último exer-

cicio financeiro pechado. No caso de empresas de nova creación que, nas que aínda non se pechasen, os límites aplicables deberanse basear en estimacións fiables realizadas durante o exercicio financeiro.

c) Que cumpra o criterio de independencia tal como se define a continuación:

Consideraranse empresas independentes as empresas nas que o 25% ou máis do seu capital ou dos seus dereitos de voto non pertenza a outra empresa, ou conxuntamente a varias que non respondan á definición de microempresa. Este límite poderá superarse nos dous casos seguintes:

-Se a empresa pertence a sociedades públicas de participación, sociedades de capital risco ou a investidores institucionais, sempre que estes non exerzan, individual ou conxuntamente, ningún control sobre a empresa.

-Se o capital está distribuído de tal forma que non é posible determinar quén o posúe e se a empresa declara que pode lexítimamente presumir que o 25% ou máis do seu capital non pertence a outra empresa ou conxuntamente a varias empresas que non respondan á definición de microempresas.

Para o cálculo dos límites recollidos nas letras a) e b) engadiranse as cifras correspondentes da empresa beneficiaria e de tódalas empresas nas que posúa directa ou indirectamente o 25% ou máis do seu capital ou dos dereitos de voto.

2.3. Os requisitos establecidos no punto 2.2 anterior adaptaranse ó establecido en cada momento pola Comisión Europea en canto a definición de microempresas.

Cláusula 3ª. Incompatibilidade.

Os gastos financeiros que se deriven do financiamento obtido ó abeiro deste convenio non poderán ser obxecto doutros apoios xestionados polo Igape ou Sepides.

Cláusula 4ª. Destino das operacións financeiras.

4.1. O proxecto investidor deberá consistir na adquisición, instalación, ampliación ou renovación de activos fixos e/ou, para novas microempresas, aprovisionamentos iniciais de existencias adquiridos a terceiros dirixidos á posta en marcha da nova actividade empresarial. O dito proxecto non poderá ser obxecto doutro financiamento alleo ás achegas propias do promotor que a recollida neste programa. No suposto de que este proxecto investidor obtivese unha subvención a fondo perdido do Igape, o seu importe será aplicado polo Igape a amortizar anticipadamente o microcrédito.

4.2. Poderanse financia-los investimentos e gastos enumerados nos puntos 3 e 4 desta cláusula, rea-

lizados con posterioridade á presentación da solicitude do préstamo ante a entidade financeira.

4.3. Salvo polo indicado no punto 4.4 seguinte, o préstamo ou contrato de arrendamento financeiro deberá destinarse exclusivamente a financiar:

a) Inmobilizado material, agás a adquisición de terreos e edificacións:

-Reforma e acondicionamento de locais.

Bens de equipo e unidades funcionais de explotación independente.

-Elementos de transporte, exclusivamente vehículos industriais.

-Honorarios facultativos de proxecto e dirección de obra.

-Outros investimentos en activos fixos materiais.

b) Inmobilizado inmaterial: unicamente aplicacións informáticas, propiedade industrial, propiedade intelectual e canons de concesións administrativas ou franquías.

4.4. Para aquelas empresas e autónomos que iniciasen a súa actividade dentro dos últimos doce meses anteriores á solicitude do préstamo, este poderá destinarse tamén ó financiamento de aprovisionamentos iniciais de existencias destinadas á súa transformación e comercialización ou á súa comercialización directa.

Cláusula 5ª. Características das operacións de financiamento.

5.1. Criterios de concesión.

Os proxectos analizaranse con base na súa viabilidade, tanto desde o punto de vista da súa dimensión como da capacidade financeira da empresa solicitante.

5.2. Importe.

O importe do principal dos préstamos ou contratos de arrendamento financeiro subscritos ó abeiro deste convenio será como máximo de 25.000 euros, non podendo exceder, se é o caso, de 7.500 euros a parte destinada a financiar aprovisionamentos de existencias.

Ó mesmo tempo, o risco vivo de cada empresa por operacións financeiras formalizadas ó abeiro deste convenio non poderá supera-los 25.000 euros máis a capitalización dos xuros correspondentes ó primeiro ano.

5.3. Tipo de xuro.

O tipo de xuro nominal anual aplicable polas entidades financeiras para as operacións acollidas a este convenio será o 2,5% fixo para toda a duración do préstamo.

5.4. Tipo de xuro de demora.

O tipo de xuro de demora aplicable polas entidades financeiras non poderá exceder do 10% anual.

5.5. Comisións.

As entidades financeiras adheridas non repercutirán ós beneficiarios ningún tipo de gasto ou comisión derivado das operacións aprobadas en aplicación deste convenio.

5.6. Garantías da operación.

As institucións implicadas non requirirán outra garantía adicional que as persoais da/s propia/s persoa/s física/s ou xurídica/s que promovan ou desenvolvan a actividade empresarial.

5.7. Disposición da operación financeira e realización dos investimentos.

A disposición das operacións formalizadas ó abeiro deste convenio será dunha soa vez, contra xustificación da realización das operacións financiadas no período comprendido entre a presentación da solicitude e a data de formalización da operación, debendo quedar así mesmo acreditado que o pagamento ós provedores foi xa realizado no dito período ou se realiza simultaneamente á disposición dos fondos. Non se prevé, por tanto, a posibilidade de que se realicen disposicións parciais deles.

O prazo para a formalización e disposición da operación financeira será o que fixe a entidade financeira na súa comunicación de aceptación da operación e en función da programación proposta pola empresa para a execución do proxecto, sen que este poida supera-los seis meses desde a data de comunicación da operación ó Igape que se recolle na cláusula 7.2 deste convenio. Transcorridos os ditos prazos sen que se dispuxese dos fondos para a realización das operacións financiadas, decaerá o expediente. Neste caso, o beneficiario poderá reiterar a súa solicitude téndose en conta a data da súa primeira solicitude para efectos de cómputo das operacións financiadas respecto ó previsto na cláusula 4.2, sempre que esta corresponda ó ano inmediato anterior e, en todo caso, sometido ás condicións e requisitos que fosen aplicables ó convenio para o exercicio en que a reitera.

5.8. Prazo de amortización.

O prazo de vixencia das operacións acollidas a este convenio será como mínimo de tres (3) anos, podendo acadar ata dez (10) anos, incluíndo un (1) ano de carencia na amortización do principal e xuros. Os xuros do primeiro ano acumularanse ó principal para a súa amortización ó longo do prazo restante do préstamo.

As amortizacións serán realizadas polo beneficiario en cotas constantes comprensivas de amortización e xuros, con devengo e vencemento nos períodos que para tal efecto se pacten entre prestamista e prestatario, debendo recolle-la póliza ou escritura o número de cotas e as datas en que se producirán a primeira e a última.

A operación financeira poderá ser amortizada sen custo de forma anticipada, total ou parcialmente, á vontade do beneficiario. As amortizacións anti-

cipadas parciais que, se e o caso, realice voluntariamente o beneficiario poderán aplicarse a reducir en igual contía as cotas de amortización restantes ou ben o prazo de amortización da operación.

Cláusula 6ª.-Compromisos dos partícipes no convenio.

6.1. Sepides e Igape comprométese a:

a) Poñer á disposición das entidades financeiras que se adhiran a este convenio a través do Igape os fondos dispoñibles, que inicialmente ascenden a 10 millóns de euros, que serán achegados por ámbalas institucións a partes iguais, para a concesión por parte daquelas de microcréditos a microempresas nas condicións descritas neste convenio. Os fondos serán transferidos ás entidades financeiras de acordo coas operacións formalizadas tal como se indica na cláusula 8ª.

b) Asumir, a partes iguais entre ámbalas institucións, un 75% do risco de non pagamento do principal dos créditos concedidos polas entidades financeiras ós beneficiarios finais.

c) Incluí-la liña de microcréditos a que fai referencia este convenio en tódalas accións de divulgación e asesoramento dos instrumentos de axuda e financiamento para as microempresas e autónomos galegos que ámbalas institucións realizan.

d) Poñe-los recursos humanos e materiais da unidade de información especializada do Igape a través das súas diferentes oficinas territoriais e da oficina de Sepides na Coruña en disposición de prestar servicios de atención e información ó público sobre esta liña de microcréditos e de apoio para a formalización de solicitudes e a súa remisión á entidade financeira correspondente por petición do interesado.

e) Colaborar en tódalas labores de seguimento do grao de implantación desta liña de microcréditos.

6.2. Adicionalmente, o Igape comprométese a:

a) Presta-la súa colaboración e recursos para a divulgación deste convenio ás entidades financeiras con implantación en Galicia, e coordinar e mante-las reunións que sexan necesarias con elas para procura-la súa adhesión a el.

b) A realización, coordinadamente con Sepides, de visitas de inspección ás entidades financeiras con obxecto de verifica-lo cumprimento por parte destas das condicións establecidas neste convenio.

c) Xestiona-la operativa necesaria para a cesión dos fondos dispoñibles ás entidades financeiras e a recepción dos reembolsos correspondentes.

6.3. As entidades financeiras adheridas comprométese a:

a) Concede-las operacións financeiras nos termos e condicións establecidos neste convenio ou xus-

tificar a través do Igape os motivos da súa denegación.

b) Asumir un 25% do risco de non pagamento dos créditos concedidos por estas ós beneficiarios finais.

c) Manter á disposición de Sepides e do Igape a documentación relativa ós requisitos dos beneficiarios e ó destino da operación financeira durante un prazo de alomenos cinco (5) anos desde a disposición dos fondos, e remitirlle a ámbalas aclaracións que soliciten respecto deles.

d) Desenvolve-los procedementos necesarios para o bo fin da tramitación das operacións, poñer tódolos medios dispoñibles para facilita-lo acceso a esta liña de financiamento ás microempresas galegas e colaborar na difusión deste programa.

e) Realiza-las xestións de cobramento segundo as súas prácticas habituais, tendo en conta para estes efectos o importe pendente de cobramento.

Cláusula 7ª.-Tramitación das solicitudes.

7.1. As microempresas interesadas que reúnan os requisitos establecidos neste convenio dirixirán a súa solicitude a calquera entidade financeira adherida ó convenio segundo o modelo que se inclúe como anexo I, xunto coa documentación que nel se relaciona e que incorpora unha declaración responsable sobre a veracidade dos datos contidos nela e a autorización ó adecuado tratamento e cesión dos datos persoais do solicitante entre os partícipes do convenio. Así mesmo, os solicitantes deberán formaliza-las autorizacións pertinentes ante o *Banco de España* para efectos de comprobación de riscos, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

7.2. Unha vez analizada a solicitude pola entidade financeira e nun prazo máximo de 15 días, deberalle comunicar ó Igape a súa disposición a aceptar ou non a dita solicitude.

No suposto de que a solicitude non sexa aceptada pola entidade financeira, esta comunicarlle tal circunstancia ó Igape simultaneamente á comunicación escrita ó solicitante.

No suposto de que a solicitude sexa aceptada pola entidade financeira, esta remitirlle ó Igape a información relativa á operación que se indica como anexo III, na que a entidade financeira manifestará a que conta coa documentación suficiente que acredita que o beneficiario cumpre os requisitos necesarios para acollerse ó financiamento recollido neste convenio. O Igape rexistrará correlativamente as comunicacións de aceptación recibidas das entidades financeiras e contestará no prazo de dous (2) días hábiles á entidade financeira sobre a concesión definitiva da operación e a existencia de fondos dispoñibles na liña para transferirlle á entidade financeira. No momento de envío desta comunicación do Igape á entidade financeira, o Igape rexistrará a

correspondente reserva de fondos asignados á operación en cuestión, que incluíra o importe equivalente a un ano de xuros, de forma que manteña un rexistro actualizado dos fondos dispoñibles na liña para futuras operacións. Esta reserva de fondos manterase ata que transcorra o prazo para a formalización da operación a que se fai referencia na cláusula 5.7. Se transcorrido dito prazo o Igape non ten constancia de que a operación foi formalizada e disposta, a dita reserva de fondos será anulada e os fondos quedarán dispoñibles para outras operacións.

7.3. A entidade financeira, unha vez recibida a confirmación por parte do Iape, acordará co solicitante o momento para a formalización e disposición do préstamo dentro do límite máximo autorizado. Previamente á utilización dos fondos, a entidade financeira comprobará a documentación (facturas, contratos, certificacións de obra, etc.) que acredite a execución das operacións financiadas e o seu pagamento, o que poderá ser previo ou simultáneo á formalización, asegurándose de que o destino da operación financeira corresponde á liquidación destes pagamentos en cumprimento do estipulado na cláusula 4ª acerca do destino dos fondos. A entidade financeira poderá, se o xulga conveniente, admitir como operacións financiadas operacións diferentes ás previstas no proxecto presentado polo solicitante, sempre que cumpran as condicións previstas nas cláusulas 4ª e 5ª deste convenio e que, se é o caso, deberá notificar ó Igape, mediante a nova remisión do anexo III.

7.4. O Igape informará mensualmente a Sepides de tódalas operacións que fosen solicitadas, tanto das aprobadas como das denegadas. Indicaranse as cantidades e condicións concedidas, a descrición dos proxectos aprobados, así como aquelas operacións fallidas e de recobramento de acordo co establecido na cláusula 8.3.

7.5. As partes adheridas ó convenio comprométese a establecer os procedementos internos que resulten necesarios para asegurar a maior axilidade na tramitación das operacións, dentro do respecto á legalidade e a súa normativa propia.

Cláusula 8ª.-Liquidacións das transferencias de fondos entre Sepides, Igape e as entidades financeiras.

8.1. Quincenalmente, dentro dos dez días hábiles seguintes ó final de cada quincena, as entidades financeiras comunicarán ó Igape, de acordo co modelo que se inclúe como anexo IV, as operacións formalizadas na quincena xunto cos importes de cada operación, co obxecto de que o Igape lles transfira os fondos correspondentes ás ditas operacións. O importe incluíra o principal do préstamo e o valor dos xuros correspondentes ó período dun ano. O importe destes xuros determinarase multiplicando o principal do préstamo por un coeficiente de 0,0245.

O principal do préstamo máis os xuros dun ano así calculados constituirá o capital que deberá reintegrar-lo beneficiario do préstamo durante o prazo restante. Unha copia da dita comunicación será remitida polo Igape a Sepides.

8.2. O Igape comprobará que as operacións dispostas contaban coa reserva de fondos indicada no punto 7.2 anterior, e no prazo de cinco días hábiles desde a recepción da comunicación indicada no punto anterior transferirá os fondos determinados conforme o establecido na cláusula 8.1 anterior á conta que a entidade financeira teña aberta no *Banco de España*. Simultaneamente, o Igape solicitará a Sepides unha transferencia de fondos correspondentes ó 50% das operacións dispostas, que Sepides está obrigado a realizarlle ó Igape dentro dos cinco (5) días hábiles seguintes ó da súa recepción.

8.3. O principal do préstamo máis os xuros do primeiro ano determinados conforme o establecido na cláusula 8.1 anterior, constitúe o importe que deberán reintegrar-las entidades financeiras ó Igape durante o prazo restante de cada préstamo concedido, que coincidirá co plan de reembolso pactado entre a entidade financeira e cada beneficiario.

8.4. As transferencias de fondos do Igape a cada unha das entidades financeiras quedarán sometidas ás seguintes condicións:

-Os fondos transferidos a través do Igape ás entidades financeiras non devengarán xuros, salvo que a devolución dos fondos por estas ó Igape non se produzan nos prazos estipulados neste convenio por atrasos imputables ás propias entidades. Non se terán en conta diferencias inferiores a 10 euros. As cantidades non aboadas devengarán un tipo de xuro anual do euribor a un ano máis 4 puntos porcentuais. Par estes efectos computarase o euribor do primeiro día en que se producise o incumprimento.

-Cada entidade financeira, dentro dos dez días hábiles seguintes ó final de cada quincena, reembolsará ó Igape os importes do principal máis os xuros do ano de carencia de todos aqueles microcréditos que lles reembolsasen os seus clientes na quincena anterior. O 50% dos reembolsos recibidos polo Igape serán transferidos por este a Sepides dentro dos cinco días hábiles seguintes ó da súa recepción.

-Naqueles casos de falta de pagamento do beneficiario do microcrédito e transcorrido un período de 180 días desde o primeiro impagado no que as entidades financeiras efectuarán as oportunas xestións para a súa regularización, de acordo coas súas prácticas habituais, a entidade financeira declarará fallida a operación e notificaralle ó seu cliente o peche da conta do préstamo intervido por notario. Unha vez acreditada ante o Igape a declaración dunha operación como fallida, a entidade financeira reembolsaralle ó Igape o 25% do principal non recuperado e o Igape remitirá o 50%

de dita cantidade a Sepides. Para acreditar unha operación como falida, a entidade financeira remitíralle ó Igape:

* Documentación acreditativa das xestións de cobramento realizadas (requirimentos, correspondencia, etc.) de acordo coas súas prácticas habituais.

* O peche de conta intervido por notario e notificado ó seu cliente coa rescisión do préstamo da reclamación das cantidades debidas.

- Calquera recobramento posterior de operacións declaradas falidas deberá ser notificada pola entidade financeira correspondente ó Igape acompañada da correspondente transferencia de fondos ó Igape do principal recuperado dentro dos dez días hábiles seguintes a aquel no que se producise. O Igape transferirá así mesmo o 50% de ditos importes a Sepides no mesmo prazo.

Cláusula 9ª.-Control.

9.1. Tanto as entidades financeiras, como os beneficiarios das operacións de financiamento, quedan obrigados a someterse ás actuacións de control que se efectúen polo Igape ou os órganos internos ou externos de control da Comunidade Autónoma de Galicia, para verificalo cumprimento dos requisitos e finalidades das operacións financeiras acollidas a este convenio. Este extremo quedará reflectido no contrato de préstamo que se subscriba con cada beneficiario.

9.2. En caso de comprobación de incumprimento das condicións deste convenio para algunha das operacións financeiras acollidas a el, procederá o reintegro das cantidades inicialmente percibidas polas entidades financeiras de Sepides e Igape, deducidos os importes previamente reembolsados a estas máis os xuros de demora devengados. Ante calquera incumprimento que fose imputable ó beneficiario, a entidade financeira poderá declarar rescindido o préstamo reclamando as cantidades pendentes de pagamento e repercutindo, no seu caso, os xuros de demora correspondentes ó beneficiario.

Cláusula 10ª.-Denuncia do convenio.

10.1. Será causa suficiente para a resolución deste convenio o incumprimento por algunha das partes de calquera das súas cláusulas, logo de denuncia cun mínimo de 30 días de aviso previo.

10.2. A resolución do convenio suporá en todo caso deixar atendidas fronte ós beneficiarios as obrigas xa contraídas por calquera das partes.

Cláusula 11ª.-Adhesión de entidades financeiras ó convenio.

11.1. Sepides e o Igape invitarán a adherirse a este convenio a todas aquelas entidades financeiras que tendo acreditado unha presenza significativa en Galicia, así como a súa solvencia técnica e finan-

ceira, xa colaborasen co instituto nos seus programas de subsidiación ó tipo de xuro de préstamos, créditos ou operacións de arrendamento financeiro.

11.2. Así mesmo poderán instar a súa adhesión a este convenio todas aquelas entidades financeiras acreditadas polo *Banco de España* que, demostrando unha implantación significativa en Galicia, dispoñan dos medios técnicos adecuados para asegurala correcta tramitación dos expedientes conforme o establecido neste convenio e os seus anexos.

11.3. A adhesión formalizarase mediante o asinamento, por apoderado con facultades bastantes da declaración que se xunta como anexo V a este convenio.

Cláusula 12ª.-Seguimento do convenio.

Unha comisión formada por un representante de Sepides e un representante do Igape habilitará os mecanismos necesarios que aseguren a adecuada coordinación entre os partícipes do convenio e resolverá tódalas incidencias ou discrepancias que poidan xurdir da interpretación das súas cláusulas. Esta comisión definirá o tipo e contido da información estatística ou doutro tipo que periodicamente enviará o Igape a Sepides sobre a evolución das operacións formalizadas ó abeiro deste convenio.

Cláusula 13ª.-Vixencia.

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, poidéndose formalizar microcréditos ó abeiro del sempre que non se esgotasen os fondos dispoñibles, previstos en 10 millóns de euros, e ata o 31 de decembro do ano 2005, e estendéndose a súa vixencia ata a total liquidación das operacións formalizadas sen prexuízo das adecuacións que, se é o caso, fosen necesarias e así se pactasen por acordo das partes.

Este convenio poderá ser prorrogado por acordo das partes e, se é o caso, poderán acordarse achegas de fondos por parte de Sepides e Igape.

E en proba de conformidade, asinan este documento, no lugar e data do encabezamento, en catro exemplares nas dúas versións, castelán e galego, sendo esta última a que prevalecerá no caso de discrepancias por erros gramaticais.

Polo Igape:

José Antonio Orza Fernández
Presidente do Instituto Galego de Promoción Económica.

Por Sepides:

Javier Goizueta Sánchez
Presidente de *Sepi Desarrollo Empresarial, S.A.*

ANEXO I



CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA
 CONVENIO IGAPE-SEPIDES-ENTIDADES
 FINANCEIRAS 2003 - 2005



PROCEDEMENTO CONVENIO IGAPE-SEPIDES-ENTIDADES FINANCEIRAS POLO QUE SE ESTABLECE UNHA LIÑA DE MICROCRÉDITOS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO EC510C	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

IDENTIFICATIVO PRÉSTAMO			
Cód. prog./Ano	Cód. E. F.	Cód. suc.	Nº préstamo

I. DATOS DO SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		DATA DE CONSTITUCIÓN (NO CASO DE EMPRESARIOS INDIVIDUAIS, DATA DE INICIO DA ACTIVIDADE EMPRESARIAL)		
NIF / CIF	ENDEREZO			
CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX
REPRESENTANTE LEGAL				
ACTIVIDADE ACTUAL	CNAE	EPÍGRAFE/S IAE		

II. ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

ENDEREZO				
CÓDIGO POSTAL	CONCELLO	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX

III. CUMPRIMENTO DOS CRITERIOS DE MICROEMPRESA

DATOS DA SOCIEDADE OU EMPRESARIO SOLICITANTE				
ASALARIADOS (1)	VOL.NEGOCIOS (2)		BALANCE XERAL (3)	
SOCIEDADES NAS QUE PARTICIPA EN MÁIS DUN 25% EN CAPITAL OU DEREITOS DE VOTO				
EMPRESA	NIF	ASALARIADOS (1)	VOL.NEGOCIO (2)	BALANCE XERAL (3)
EMPRESAS QUE PARTICIPEN NA SOLICITANTE EN MÁIS DUN 25% DO SEU CAPITAL OU DEREITOS DE VOTO (NON CUBRIR EN CASO DE EMPRESARIO INDIVIDUAL)				
EMPRESA	NIF	ASALARIADOS (1)	VOL.NEGOCIO (2)	BALANCE XERAL (3)

(1) Nº DE ASALARIADOS A XORNADA COMPLETA NO ÚLTIMO EXERCICIO PECHADO CALCULADOS EN TERMOS UTA, ISTO É, Nº DE ASALARIADOS A XORNADA COMPLETA EMPREGADOS DURANTE UN ANO CONSIDERÁNSE FRACCIONS DE UTA O TRABALLO A TEMPO PARCIAL OU O TRABALLO ESTACIONAL.
 (2) VOLUME DE NEGOCIO ANUAL DO ÚLTIMO EXERCICIO PECHADO (NO CASO DE EMPRESAS DE NOVA CREACIÓN, ESTIMACIÓN PARA O EXERCICIO CORRENTE).
 (3) BALANCE XERAL ANUAL DO ÚLTIMO EXERCICIO PECHADO (NO CASO DE EMPRESAS DE NOVA CREACIÓN, ESTIMACIÓN PARA O EXERCICIO CORRENTE).

IV. DEFINICIÓN DO PROXECTO

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE VINCULADA ÓS INVESTIMENTOS QUE SE VAN REALIZAR (NO CASO DE MÁIS DUNHA, SINALA-LA PRINCIPAL)		
CNAE	EPIGRAFE IAE	LOCALIZACIÓN DOS NOVOS INVESTIMENTOS (ENDEREZO, CONCELLO E PROVINCIA)
OBJECTO DO INVESTIMENTO: (BREVE DESCRIPCIÓN DOS OBXECTIVOS, BENS OU SERVIZOS QUE SE VAN PRODUCIR, INCIDENCIA COMERCIAL E ECONÓMICA NA EMPRESA, ETC).		

V. PLAN DE INVESTIMENTOS

	IMPORTE
1. VOLUMEN GLOBAL DE INVESTIMENTO	<input style="width: 100%;" type="text"/>
2. MATERIALIZACIÓN DO INVESTIMENTO:	
2.1 INMOBILIZADO MATERIAL :	<input style="width: 100%;" type="text"/>
A) REFORMA E ACONDICIONAMENTO DE LOCAIS :	
DESCRIPCIÓN :	
B) BENS DE EQUIPO :	
DESCRIPCIÓN :	
C) VEHÍCULOS INDUSTRIAIS :	
DESCRIPCIÓN (Indicar nº de unidades e importe):	
D) HONORARIOS FACULTATIVOS DE PROXECTO E DIRECCIÓN DE OBRA :	
DESCRIPCIÓN :	
E) OUTROS INVESTIMENTOS EN ACTIVOS FIXOS MATERIAIS :	
DESCRIPCIÓN :	
	<input style="width: 100%;" type="text"/>
2.2 INMOBILIZADO INMATERIAL :	
A) APLICACIÓNS INFORMÁTICAS :	
DESCRIPCIÓN :	
B) PROPIEDAD INDUSTRIAL :	
DESCRIPCIÓN :	
C) PROPIEDAD INTELECTUAL :	
DESCRIPCIÓN :	
D) CANONS DE CONCESIÓNS ADMINISTRATIVAS :	
DESCRIPCIÓN :	
2.3. APROVISIONAMENTOS INICIAIS DE EXISTENCIAS (SÓ PARA MICROEMPRESAS CON ACTIVIDADE INFERIOR A UN ANO).	
DESCRIPCIÓN :	<input style="width: 100%;" type="text"/>

VI. OPERACIÓN DE MICROCRÉDITO QUE SE SOLICITA

IMPORTE (€)	PRAZO VIXENCIA (MESES)	TIPO XURO 2,5% nominal fixo	CARENCIA (MESES) 12 meses de capital e xuros	NÚMERO DE COTAS
PERIODICIDADE DA COTA <input type="checkbox"/> MENSUAL <input type="checkbox"/> TRIMESTRAL				

A empresa solicitante autoriza expresamente a entidade financeira, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a cedérlle-los datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude ó Igape e a aquelas entidades coas que colabore, para os efectos de tramita-lo correspondente expediente de concesión e seguimento do microcrédito solicitado.

Quen subscribe coñece e acepta as condicións xerais destas axudas financeiras reguladas no convenio Igape-Sepides-entidades financeiras 2003 - 2005, e DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE que tódolos datos que figuran nesta solicitude son certos, comprometéndose a destina-lo importe do préstamo que solicita á finalidade prevista, e a que o importe de calquera subvención obtida do Igape para financia-lo mesmo proxecto será destinada á amortización do microcrédito.

Igualmente, o solicitante DECLARA formalmente non estar suxeito, el ou a empresa á que representa, a ningunha sanción que o inhabilite para a obtención de axudas públicas.

En _____, _____ de _____ de _____.
SINATURA E SELO

O REPRESENTANTE LEGAL

Data e selo da entidade financeira ante a que presenta a solicitude.

ANEXO II

AUTORIZACIÓN ANTE O BANCO DE ESPAÑA

MODELO PARA PERSOAS FÍSICAS

....., de de

Autorizo a entidade..... para que lle solicite á Central de Información de Riscos do Banco de España un informe dos meus riscos crediticios, autorización que fago extensiva á mencionada Central de Información de Riscos para que facilite os datos interesados.

Sinatura:

Asinado: (nome e apelidos)

DNI:

Para cubrir pola entidade declarante:

Garanto a autenticidade deste documento.

Asinado:

Nome, cargo e DNI

Selo da entidade

MODELO PARA PERSOAS XURÍDICAS

....., de de

Autorizo a entidade..... para que lle solicite á Central de Información de Riscos do Banco de España un informe dos riscos crediticios da entidade, NIF....., autorización que fago extensiva á mencionada Central de Información de Riscos para que facilite os datos interesados.

Sinatura:

Nome e cargo do asinante:

DNI:

Para cubrir pola entidade declarante:

Garanto a autenticidade deste documento.

Asinado:

Nome, cargo e DNI

Selo da entidade

ANEXO III

PROCEDEMENTO MICROCRÉDITOS IGAPE-SEPIDES-EEFF	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO COMUNICACIÓN ACEPTACIÓN MICROCRÉDITOS
ENTIDADE		

D/Dª _____, con DNI nº _____, actuando en nome e representación da entidade arriba indicada, adherida ó convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), a sociedade Sepi, Desarrollo Empresarial, S. A. (SEPIDES) e as entidades financeiras, para a habilitación dunha liña de financiamento específica de microcréditos na Comunidade Autónoma de Galicia

EXPÓN:

1. Que a súa entidade ten aceptadas as seguintes operacións de microcrédito, de solicitantes que presentaron correctamente toda a documentación esixida no convenio e que cumpren os requisitos para se acolleren ó financiamento nel establecido:

NOME DO BENEFICIARIO	CÓDIGO OPERACIÓN	IMPORTE ACEPTADO	PRAZO AMORTIZACIÓN (MESES) INCLUÍDO UN ANO DE CARENCIA	Nº COTAS	DATA 1ª COTA	DATA ÚLTIMA COTA	PERÍODO DE AMORTIZACIÓN (1)	CÁLCULO DE DEVENGO (2)

(1) MENSUAL OU TRIMESTRAL (2) POR PERÍODOS NATURAIS OU DE DATA A DATA

2. Que, así mesmo, a súa entidade ten rexeitadas as seguintes operacións de microcrédito polos motivos que para cada unha se sinalan:

NIF SOLICITANTE	NOME DO SOLICITANTE	CÓDIGO OPERACIÓN	MOTIVO DA DENEGACIÓN

3. Que, achega copia das solicitudes de microcrédito presentadas.

E, polo que antecede,

SOLICITA

A aprobación das operacións aceptadas no punto 1 deste escrito, e a comunicación da existencia de reserva de crédito suficiente no IGAPE para a súa formalización con cargo ó Convenio

En.....,de.....de 2.....

Pola entidade
Asdo./

(selo da entidade e sinatura do apoderado)

DIRECTOR/A XERAL DO IGAPE

4) Que no período citado se produciron os seguintes recobramentos:

NOME DO BENEFICIARIO	CÓDIGO OPERACIÓN	IMPORTE RECOBRADO	DÉBEDA PENDENTE POR XUROS	DÉBEDA PENDENTE POR PRINCIPAL	IMPORTE QUE SE LLE DEBERÁ ABOAR Ó IGAPE (75% DO PRINCIPAL PENDENTE)
TOTAL 4:					

Así mesmo, informámos de que no período citado as seguintes operacións atópanse en mora:

NOME DO BENEFICIARIO	CÓDIGO OPERACIÓN	DATA INICIO MORA	PRINCIPAL EN MORA	XUROS EN MORA

Que das anteriores operacións resulta un importe neto correspondente a (1) - (2) - (3) - (4) no período de.....€, a favor de (entidade financeira/IGAPE).

E por isto (*),

SOLICITA: que lle sexa transferida a esta entidade o importe de _____ euros, que se ingresarán na conta bancaria aberta ó seu nome.

ou

EXPÓN: que o importe de.....euros foi ingresado na conta do IGAPE nº..... en concepto de aboamentos por operacións de microcréditos.

(* Utilizar só unha das opcións

En _____, ____ de _____ de 200__ .
(Sinatura do representante)

ANEXO V

Documento de adhesión ó convenio de colaboración subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), a sociedade *Sepi, Desarrollo Empresarial, S.A.* (Sepides) e as entidades financeiras, polo que se habilita unha liña de microcréditos para autónomos e microempresas que realicen a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia

D./Dna., con DNI,
en nome e representación da entidade,
facultado para este acto segundo o declara expresamente

DECLARA:

1. Coñece-los termos e/ou condicións do convenio de colaboración subscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), a sociedade *Sepi, Desarrollo Empresarial, S.A.* e as entidades financeiras adheridas, polo que se habilita unha liña de microcréditos para autónomos e microempresas que realicen a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, así como as súas normas de procedemento interno.

2. Que ten interese en participar no dito convenio e, polo tanto, se adhire ós termos e ás condicións referidos no punto 1.

..., ... de ... de ... (lugar e data).

Pola entidade financeira
Asdo.:

Presidente/a do Igape

ANEXO II

Relación de entidades financeiras adheridas

Banco Pastor.
Banco Bilbao Vizcaya Argentaria.
Banesto.
Banco Zaragozano.
Banco Simeón.
Banco Santander Central Hispano.
Banco popular.
Banco de Sabadell.
Banco Gallego.
Banco Etcheverría.
Banco de Galicia.
Banco Atlántico.
Caixa Galicia.
Caixa Nova.
Caja España.
Caixa Rural Galega.
Lico Leasing, S.A.

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,
RELACIONES INSTITUCIONAIS
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Resolución do 21 de maio de 2003, do tribunal designado para cualifica-lo proceso selectivo para o ingreso no corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia (grupo D), escala básica de vixilancia pesqueira, pola que se fan públicos a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio da fase de oposición.

En sesión que tivo lugar o día 21 de maio de 2003, o tribunal designado pola Orde do 17 de marzo de 2003 (DOG nº 57, do 21 de marzo) para cualifica-lo proceso selectivo para o ingreso no corpo de auxiliares técnicos da Xunta de Galicia (grupo D), escala básica de vixilancia pesqueira, convocado pola Orde do 29 de novembro de 2001 (DOG nº 239, do 12 de decembro), modificada pola Orde do 16 de abril de 2002 (DOG nº 80, do 25 de abril), acordou, de conformidade coa base III.10 da convocatoria, realiza-lo primeiro exercicio da fase de oposición o día 11 de xuño de 2003, no salón de actos da Escola Galega de Administración Pública, rúa Madrid, 2-4, en Santiago de Compostela, en chamamento único.

A realización do exercicio comezará ás 11.00 horas e os opositores deberán estar presentes no citado lugar ás 10.30 horas.

Os aspirantes deberán ir provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal. Así mesmo, deberán presentarse provistos do correspondente lapis do nº 2 e goma de borrar para a realización do exercicio tipo test.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2003.

Juan Manuel Rodríguez Rodríguez
Presidente do tribunal

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA

Orde do 9 de maio de 2003 pola que se resolve a convocatoria de libre designación, anunciada por Orde do 10 de febreiro de 2003 (Diario Oficial de Galicia número 33, do 17 de febreiro).

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Economía e Facenda por Orde do 10 de febreiro de 2003 (*Diario Oficial de Galicia* número 33, do 17 de febreiro), en uso das facultades e atribucións conferidas pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, no seu artigo 15.4º, e de

conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, modificado polo artigo 6 da Lei 3/1995, do 10 de abril; visto o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e demais normativa vixente, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Designa-la funcionaria que se cita no anexo desta orde para ocupa-lo posto que, así mesmo, se sinala.

Segundo.-O cesamento no actual destino efectuarase segundo o previsto no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, no prazo de tres días a partir do seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. A toma de posesión deberá facerse no prazo de tres días a partir do seguinte ó do cesamento ou no dun mes, segundo proceda, de conformidade co disposto no referido artigo.

Terceiro.-A xefatura de persoal do centro onde cause alta a funcionaria efectuará, dentro dos prazos sinalados anteriormente, a dilixencia de toma de posesión, e seguidamente serán realizados os trámites para a súa alta en nómina.

Das dilixencias efectuadas serán remitidas copias á Dirección Xeral da Función Pública e á Inspección Xeral de Servicios.

Cuarto.-Contra a presente orde, que esgota a vía administrativa, os interesados/as poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*; de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a mesma data, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2003.

P.D. (Orde 13-12-1993)

Emilio Álvarez Rey

Secretario xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda

ANEXO

Apelidos e nome: Mallón Lata, M^a Jesús.

NRP: 3328001082 A2294.

Grupo: D.

Denominación do posto: secretario/a director xeral.

Código do posto: EFC070000015770001.

Nivel: 18.

Centro directivo ou dependencia: Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios.

Localidade: Santiago de Compostela.

**CONSELLERÍA DE XUSTIZA,
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN
LOCAL**

Orde do 9 de maio de 2003 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local anunciada pola Orde do 25 de marzo de 2003.

Convocada por Orde do 25 de marzo de 2003 (DOG nº 69, do 8 de abril) a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, de conformidade co previsto no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, na súa nova redacción dada polas leis 4/1991, do 8 de marzo, e 3/1995, do 10 de abril, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e no uso das facultades conferidas polo artigo 15.4º da devandita lei. Esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Resolve-la convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería, anunciada pola Orde do 25 de marzo de 2003 (DOG nº 69, do 8 de abril).

Segundo.-Adxudicarlle destino, no posto de traballo que se indica, ó persoal que se relaciona no anexo desta orde.

Terceiro.-O persoal mencionado deberá tomar posesión no prazo sinalado no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Cuarto.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2003.

Antonio Pillado Montero

Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local

ANEXO

DNI: 36010504.

Apelidos e nome: Medeiros Castuera, Alejandro.

Grupo: B.

Código do posto: XUC060000215770005.

Denominación: Servicio de Relacións coas Entidades Locais e Estudos Locais de Galicia.

Nivel: 28A.

Dependencia: Dirección Xeral de Administración Local.

Localidade: Santiago de Compostela.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 5 de maio de 2003 pola que se corrixe erro advertido na Resolución do 4 de abril de 2003 pola que se fai pública a designación da comisión que ha de resolver-lo concurso da praza número 01/237 de profesor titular de universidade, área de coñecemento de didáctica da expresión corporal.

Advertido erro na Resolución do 4 de abril de 2003, na que se fai pública a designación da comisión que ha de resolver-lo concurso da praza número 01/237 de profesor titular de universidade, área de coñecemento de didáctica da expresión corporal, este rectorado, ó amparo do previsto no artigo 105.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procede a súa rectificación nos seguintes termos:

Onde di: «Romero Granados, Santiago, catedrático da Universidade de Santiago de Compostela», debe dicir: «Romero Granados, Santiago, catedrático da Universidade de Sevilla».

A Coruña, 5 de maio de 2003.

José Luis Meilán Gil
Rector da Universidade da Coruña

VI. ANUNCIOS**a) DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA**

Resolución do 16 de maio de 2003, do Servicio Provincial de Estradas da Coruña, pola que se sinala a data para o levantamento de actas previas á ocupación dos bens afectados polas obras do proxecto de trazado da AC-450 Bertamiráns-Negreira. Variante da Ponte Maceira, clave AC/00/51.1. Termos municipais de Negreira e Ames.

O artigo 28 do vixente Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu número 2º a competencia da Comunidade Autónoma galega no desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado en materia de expropiación forzosa.

As obras sinaladas no encabezamento da presente resolución atópanse incluídas no programa de obras

que se realizarán con cargo ó programa 413-B construción, conservación e explotación de estradas.

Con data do 28 de marzo de 2003, o director xeral de Obras Públicas, por delegación do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, aprobou o proxecto de trazado das obras AC-450 Bertamiráns-Negreira. Variante da Ponte Maceira.

Con data do 11 de abril de 2003, a Xunta de Galicia procedeu á declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para efectos de expropiación para a mencionada obra por Decreto 232/2003, publicado no DOG nº 82, do 29 de abril de 2003.

Na súa virtude e en cumprimento do disposto nos artigos 52 da vixente Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 e 56 e seguintes do regulamento para a súa aplicación, este servizo, en uso das súas facultades que lle confire o artigo 98 da mencionada lei, resolveu convoca-los titulares de bens e dereitos afectados que figuran na relación exposta no taboleiro de anuncios dos concellos de Negreira e Ames, para que comparezan nos lugares, datas e horas que se citan a continuación co fin de proceder ó levantamento das actas previas á ocupación, nas que se recollerán os datos necesarios para determina-los dereitos afectados, o valor destes e os prexuízos determinantes da rápida ocupación, sen prexuízo de se trasladaren ó lugar dos predios se o consideran necesario.

Local: bar San Lorenzo (A Ponte Maceira).

Día 20 de xuño de 2003 de 10.00 a 13.30 horas.

A relación de titulares cos bens e dereitos afectados, así como o plano parcelario correspondente estarán expostos nos concellos de Negreira e Ames, e no Servicio Provincial de Estradas da Coruña (Praza Luis Seoane, s/n, 8ª planta, 15071 A Coruña).

A este acto deberán acudi-los titulares afectados persoalmente ou ben representados pola persoa debidamente autorizada para actuar no seu nome, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, documento nacional de identidade e o último recibo da contribución, podendo facerse acompañar, pola súa conta, se o coiden oportuno, dos seus peritos e notarios.

Así mesmo e no cumprimento do establecido no artigo 56 do regulamento da Lei de expropiación forzosa, ábrese información pública durante un prazo de 15 días naturais, contados a partir do seguinte ó da publicación desta resolución e ata o momento do levantamento da acta previa á ocupación correspondente, co fin de que os interesados poidan formular por escrito, ante este Servicio Provincial de Estradas da Coruña, praza Luis Seoane s/n, 8ª planta, as alegacións que estimen pertinentes co obxecto de emendar posibles erros padecidos ó relaciona-los bens afectados pola urxente ocupación.

A Coruña, 16 de maio de 2003.

José Luis Rodríguez Alonso
Enxeñeiro xefe

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 26 de maio de 2003, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia, polo sistema de concurso de procedemento aberto, a obra de reforma e ampliación do IES Universidade Laboral de Ourense (32009131).

1. Entidade adxudicadora: Xunta de Galicia.

a) Organismo: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Dependencia que tramita: Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Construcións e Equipamento.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: obra de reforma e ampliación do IES Universidade Laboral de Ourense.

b) Lugar de execución: Ourense.

c) Prazo de execución: 7 meses.

d) Número de expediente: SXCE 6/03/O.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación.

Importe total: 596.478,66 euros.

5. Garantías.

Provisional: ver prego.

6. Obtención de documentación e información.

6.1. Información.

a) Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Información).

b) Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n, e delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15704.

6.2. Documentación.

a) Teléfono: 981 59 33 85.

b) Enderezo: r/ Nova 19-21, 15706-Santiago de Compostela (A Coruña).

c) Así mesmo, poderanse obter os pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da Internet:

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.asp?N=2587>

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: grupo: C, subgrupo: todos e categoría: E.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: ás 14.00 horas do vixésimo sexto día natural seguinte ó da publicación da presente resolución neste diario. Se coincide en día inhábil trasladarase ó seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: a sinallada no punto 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: Rexistro Xeral. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2ª Enderezo: edificio administrativo. San Caetano, s/n.

3ª Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15704.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): ver prego.

e) Admisión de variantes (concurso): ver prego.

9. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (sala de xuntas).

b) Enderezo: edificio administrativo. San Caetano, s/n.

c) Localidade: Santiago de Compostela.

d) Data: o quinto día hábil contado desde o remate do prazo de presentación das proposicións.

e) Hora: a partir das 12.00 horas.

10. Gastos do anuncio: por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2003.

Máximo García Serrano
Secretario xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

Resolución do 26 de maio de 2003, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se anuncia, polo sistema de concurso de procedemento aberto, a obra de reforma e adecuación da cuberta do IES Valentín Paz Andrade de Vigo (Pontevredra) (36014568).

1. Entidade adxudicadora: Xunta de Galicia.

a) Organismo: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

b) Dependencia que tramita: Secretaría Xeral. Subdirección Xeral de Construcións e Equipamento.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: obra de reforma e adecuación da cuberta do IES Valentín Paz Andrade de Vigo (Pontevedra).

b) Lugar de execución: Vigo (Pontevedra).

c) Prazo de execución: 4 meses.

d) Número de expediente: SXCE 5/03/O.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso.

4. Orzamento base de licitación.

Importe total: 599.705,80 euros.

5. Garantías.

Provisional: ver prego.

6. Obtención de documentación e información.

6.1. Información.

a) Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (Información).

b) Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n, e delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15704.

6.2. Documentación.

a) Teléfono: 981 59 33 85.

b) Enderezo: r/ Nova 19-21, 15706 Santiago de Compostela (A Coruña).

c) Así mesmo, poderanse obter os pregos relativos a esta contratación no seguinte enderezo da Internet:

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.asp?N=2588>

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Clasificación: grupo: C, subgrupo: todos e categoría: E.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

ata límite de presentación: ás 14.00 horas do vixésimo sexto día natural seguinte ó da publicación desta resolución neste diario. Se coincide en día inhábil, trasladarase ó seguinte día hábil.

b) Documentación que hai que presentar: a sinallada no punto 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

1ª Entidade: rexistro xeral. Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2ª Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n.

3ª Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15704.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso): ver prego.

e) Admisión de variantes (concurso): ver prego.

9. Apertura das ofertas.

a) Entidade: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (sala de xuntas).

b) Enderezo: edificio administrativo San Caetano, s/n.

c) Localidade: Santiago de Compostela.

d) Data: o quinto día hábil contado a partir do remate do prazo de presentación das proposicións.

e) Hora: a partir das 12.00 horas.

10. Gastos do anuncio: por conta do adxudicatario.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2003.

Máximo García Serrano

Secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN, INDUSTRIA E COMERCIO

Acordo do 12 de maio de 2003, da Delegación Provincial da Coruña, polo que se somete a información pública a petición de autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución, o estudio de impacto ambiental e a declaración, en concreto, de utilidade pública da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 02/304).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro (BOE nº 285), do sector eléctrico, no título VII do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), sobre autorización de instalacións de enerxía eléctrica, e no Decreto 442/1990, do 13 de setembro (DOG nº 188) de avaliación de impacto ambiental para Galicia, sométese a información pública a petición de autorización administrativa, a aprobación do proxecto de execución, o estudio de impacto ambiental e a declaración, en concreto, de utilidade pública da instalación eléctrica que se describe:

Solicitante: parque eólico A Carba, S.A.U.

Domicilio Social: r/ Castiñeiriño, 12, 3º, 15702 Santiago de Compostela.

Denominación: L.A.T. 132 kV subestación Pena da Loba-subestación Tesouro.

Situación: As Pontes de García Rodríguez (A Coruña).

Características técnicas: liña eléctrica aérea de alta tensión a 132 kV dobre circuito, sobre torres metálicas de celosía, con conductor LA-280, de 13.568 metros de lonxitude, con orixe na subestación de Pena da Loba ata o apoio 63 da L.A.T. sub. Bustelo-sub. Tesouro existente, e desde este por circuito dispoñible e final na subestación de Tesouro, acompañado en todo o percorrido por cable OPGW de 24 fibras, que discorre polo concello das Pontes de García Rodríguez.

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados pola instalación figura como anexo.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán examina-lo expediente e presenta-las súas alegacións nesta delegación provincial, sita no edificio administrativo de Monelos, s/n, 15701 A Coruña, no prazo de trinta días contado a partir da derradeira publicación ou notificación individual.

Así mesmo, o estudo de impacto ambiental poderase examinar no Concello das Pontes de García Rodríguez e nas dependencias das delegacións provinciais das consellerías de Medio Ambiente e de Innovación, Industria e Comercio da Coruña dentro do prazo sinalado anteriormente.

A Coruña, 12 de maio de 2003.

Jesús Espada Martínez
Delegado provincial da Coruña

ANEXO

Relación de propietarios, bens e dereitos afectados

Obra: L.A.T. 132 kV subestación Pena da Loba-subestación Tesouro
Concello: As Pontes de García Rodríguez

Nº de predio en plano	Propietario	Enderezo	Superficie en ha					Clasificación	Lugar
			Voo (ml)	Superficie (ha)	Nº apoio	Superficie apoio (ha)	Ocupac. temporal (ha)		
12	Faprape Rpte. Manuel Prado Moure	Avda. General Sanjurjo nº 57, baixo 15006 A Coruña	22	0,0434				Monte baixo	Chao das Antiguas
15	Faprape Rpte. Manuel Prado Moure	Avda. General Sanjurjo nº 57, baixo 15006 A Coruña	41	0,0821				Monte baixo	Chao das Antiguas
16	Finsa	Formarís s/n, A Enfesta 15700 Santiago de Compostela, A Coruña	259	0,5168	5	0,0050		Monte baixo	Feal
17	Faprape Rpte. Manuel Prado Moure	Avda. General Sanjurjo nº 57, baixo 15006 A Coruña	129	0,1679 0,1237	6	0,0046		Monte baixo Monte alto	Rego Cativo
18	Faprape Rpte. Manuel Prado Moure	Avda. General Sanjurjo nº 57, baixo 15006 A Coruña	0	0,0067				Monte baixo	Rego Cativo
19	Finsa	Formarís s/n, A Enfesta 15700 Santiago de Compostela, A Coruña	53	0,0991 0,0155				Monte baixo Monte alto	Rego Cativo
20	Faprape Rpte. Manuel Prado Moure	Avda. General Sanjurjo nº 57, baixo 15006 A Coruña	128	0,2475	7	0,0015		Monte baixo	Rego Cativo
22	Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente	Edif. Ministerial s/n, 5ª planta 15108 Monelos, A Coruña	427	0,9605 0,2752	8, 9	0,0092		Monte alto Monte baixo	Seixo
24	Manuel Corral Vilaboy e Luz Divina Corral Vilaboy José Corral Vilaboy Julio Corral Vilaboy	Poboado da Madanela B-2, 1º D 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña R/ Sargento Veiga nº 4, 5º D 15009 A Coruña Poboado Barreiro h1-1º dta. 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	237	0,3734	14	0,0015		Monte baixo	A Cova
26	Manuel Corral Vilaboy e Luz Divina Corral Vilaboy José Corral Vilaboy Julio Corral Vilaboy	Poboado da Madanela B-2, 1º D 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña R/ Sargento Veiga nº 4, 5º D 15009 A Coruña Poboado Barreiro h1-1º dta. 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	251	0,3182	15,17 (½)	0,0078		Monte baixo	O Chao do Prado
30	Leonardo Pena Ferreiro José Pena Ferreiro Jesús Pena Ferreiro María Pena Ferreiro	A Casilla s/n 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña R/ Narón nº 7, 3º 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña Estrada Catabois 496 15405 Ferrol, A Coruña O Barral s/n 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	149	0,2533 0,1225				Monte alto Monte baixo	Os Mosquerios
31	Mercedes Castro Bellas	Avda. Ortigueira nº 48 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	15	0,0450	26	0,0040		Monte alto	Os Mosquerios
34	Vicente Castro Bellas	O Rego do Campo nº 42, 1º 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	14	0,0420				Monte alto	Os Mosquerios

Nº de predio en plano	Propietario	Enderezo	Superficie en ha					Clasificación	Lugar
			Voo (ml)	Superficie (ha)	Nº apoio	Superficie apoio (ha)	Ocupac. temporal (ha)		
35	Leonardo Pena Ferreiro José Pena Ferreiro Jesús Pena Ferreiro María Pena Ferreiro	A Casilla s/n 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña R/ Narón nº 7, 3º 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña Estrada Catabois 496 15405 Ferrol, A Coruña O Barral s/n 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	43	0,0859				Monte baixo	Os Mosquerios
36	Jesús Otero Rey	A Casilla nº 2 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	74	0,2212				Monte alto	A Garita
37	Leonardo Pena Ferreiro José Pena Ferreiro Jesús Pena Ferreiro María Pena Ferreiro	A Casilla s/n 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña R/ Narón nº 7, 3º 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña Estrada Catabois 496 15405 Ferrol, A Coruña O Barral s/n 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	96	0,1536	28	0,0027		Pasto e labradío	A Garita
38	Concello das Pontes de García Rodríguez	Rúa do Concello s/n 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	107	0,2154				Monte baixo	A Garita
40	Leonardo Pena Ferreiro José Pena Ferreiro Jesús Pena Ferreiro María Pena Ferreiro	A Casilla s/n 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña R/ Narón nº 7, 3º 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña Estrada Catabois 496 15405 Ferrol, A Coruña O Barral s/n 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	28	0,0237 0,0319	29	0,0048		Monte baixo Pasto	A Garita
42	Leonardo Pena Ferreiro José Pena Ferreiro Jesús Pena Ferreiro María Pena Ferreiro	A Casilla s/n 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña R/ Narón nº 7, 3º 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña Estrada Catabois 496 15405 Ferrol, A Coruña O Barral s/n 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	23	0,0447				Monte baixo	A Garita
43	Alberto López Perez e María Fernandez Seco	Ronda do Poboado nº 83, 1º 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	129	0,3863	30	0,0046		Monte alto	Os Dozaos
44	Luis Blanco López	Avda. Castelaio nº 26 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	98	0,1954				Monte baixo	Os Dozaos
45	José Ledo Pérez	Avda. Ferrol nº 5 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	15	0,0308	31	0,0027		Monte baixo	Os Dozaos
46	Manuel Celso Rodríguez Pajón	Avda. Ferrol nº 69 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	14	0,0273				Monte baixo	Os Dozaos
47	Manuela Dopico López	Vilarnovo s/n 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	8	0,0161				Monte baixo	Os Dozaos
48	Carmen Prieto Rodríguez	O Chamoselo 5-7, 2º esq. 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	8	0,0161				Monte baixo	Os Dozaos
50	Amador Barro Agram Enrique Blanco Barro Constantino Pernas Blanco Álvaro Blanco Pernas Antonio Blanco Pernas María Luz Blanco Pernas Rosendo Blanco Pernas Aurora Blanco Pernas	Avda. Lugo nº 61 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña O Narón s/n 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña Avda. Xeneralísimo nº 97 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña As Fontiñas bl. 1º, portal 3, 2º esq. 27800 Vilalba, Lugo Santaballa 27830 Lugo R/ García Lorca nº 11 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña A Touza nº 18 27833 Xermade, Lugo Poboado Barreiro B-1, 4º D 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	15	0,0309				Monte baixo	Os Dozaos

Nº de predio en plano	Propietario	Enderezo	Superficie en ha					Clasificación	Lugar
			Voo (ml)	Superficie (ha)	Nº apoio	Superficie apoio (ha)	Ocupac. temporal (ha)		
52	Mª Carmen Seco Caaveiro Alfredo Seco Caaveiro	R/ Pardo Bazán nº 80, 1º D 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña R/ Ourense nº 3, 1 B 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	47	0,0927				Monte baixo	Os Dozaos
53	CPTOPV Xefatura provincial de Estradas	Praza Luis Seoane s/n, 8º 15071 A Coruña	9	0,0190				Monte baixo	Os Dozaos
56/1	Constantino Raúl Bellas Carreiras	Avda. Ferrol nº 33, 2º 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña					0,0132	Monte alto	A Lugareta
56/2	Amador Luis Cabaleiro Romero	R/ Narón nº 3, 1º 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña					0,0132	Monte alto	A Lugareta
59	Manuel Ferreiro Castro Guillermina Seoane Agrads	O Briexo s/n 15326 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	111	0,1971 0,0655				Monte alto Labradío	A Lugareta
61	Hdros. Enrique López Vilaboy Rpte. Mª Josefa Cabarcos Bello	Pla y Cancela nº 6, 1º 15005 A Coruña	55	0,1354				Monte baixo	Fraga dos Mouros
62	Mª Antonia Caaveiro Tojeiro Domingo Ferreiro Caaveiro	O Briexo s/n 15326 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	30	0,0748	34 (½)	0,0023		Monte baixo	Fraga dos Mouros
63	Mª del Carmen Novo Fraga	Os Covelos 15326 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	35	0,0878	34 (½)	0,0023		Monte baixo	Fraga dos Mouros
64	Mª de los Ángeles Lorenzo Ferreiro	Praza Xoán XXIII, edif. Arealonga P-4 6º D Vilagarcía de Arousa, 36600 Pontevedra	79	0,1869				Monte baixo	Coto e Morgallón
65	Mª Carmen Seco Caaveiro Alfredo Seco Caaveiro	R/ Pardo Bazán nº 80, 1º D 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña R/ Ourense nº 3, 1 B 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	66	0,1465				Monte baixo	Coto e Morgallón
66	Hdros. Vicente Franco Pena Rpte. Raimundo Barro Cabarcos	O Outeiro nº 2, O Deveso 15326 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	45	0,1023				Monte baixo	Coto e Morgallón
67	Mª Carmen Seco Caaveiro Alfredo Seco Caaveiro	R/ Pardo Bazán nº 80, 1º D 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña R/ Ourense nº 3, 1 B 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña		0,0024				Monte baixo	Coto e Morgallón
68	Mª Carmen Seco Caaveiro Alfredo Seco Caaveiro Hdros. Vicente Franco Pena Rpte.: Raimundo Barro Cabarcos	R/ Pardo Bazán nº 80, 1º D 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña R/ Ourense nº 3, 1 B 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña O Outeiro nº 2, O Deveso 15326 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	160 0	0,4161	35 e 36 (½)	0,0069		Monte baixo	Coto e Morgallón
69	Mª Carmen Seco Caaveiro Alfredo Seco Caaveiro	R/ Pardo Bazán nº 80, 1º D 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña R/ Ourense nº 3, 1 B 15320 As Pontes de García Rodríguez, A Coruña	96	0,2312	36 (½)	0,0023		Monte baixo	Coto e Morgallón

Resolución do 10 de abril de 2003, da Delegación Provincial de Ourense, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita. (Expediente IN407A 02/36-3).

Para os efectos previstos na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e no artigo 125 do Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita.

Solicitante: *Eléctrica Alberguería, S.A.*

Domicilio social: r/ Martínez Padín, 4, 32004 Ourense.

Denominación: automatización subestación A Veiga.

Situación: A Veiga.

Descricións técnicas: liña subterránea a 15 kV, de 190 m en conductor R.H.Z. 12/20 kV con orixe na L.M.T. A Xares e remata no C.T. existente en caseta *Granitos Proveiga* (antes *Proinor*) con 160 kVA R/T 15.000/380-220 V. Ampliación cun trafo ó C.T. existente subestación Veiga, que se compón de 2 trafos: un de 160 kVA máis outro de 315 kVA, R/T 15.000/380-220 V. Rede de baixa tensión aérea pista deportivo Seoane de 305 m derivada do C.T. Seoane. Rede de baixa tensión subterránea do C.T. subestación á Veiga, con 335 m de lonxitude.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presenta-las súas alegacións, nesta delegación provincial, no prazo de trinta días.

Ourense, 10 de abril de 2003.

Ramón Fernández-Linares Bouza
Delegado provincial de Ourense

Resolución do 12 de maio de 2003, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se somete a información pública o proxecto sectorial L.A.T. 132 kV Sub. Punago-Sub. A Fonsagrada, declarado como de incidencia supramunicipal por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de maio de 2003.

O Consello da Xunta de Galicia acordou na súa reunión do 2 de maio de 2003, declara-lo proxecto L.A.T. 132 kV Sub. Punago-Sub. A Fonsagrada, promovido pola empresa *Endesa Cogeneración y Renovables, S.A.*, como de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia.

Polo tanto, en cumprimento do disposto no artigo 13.2º do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, segundo o cal os plans ou proxectos que o Consello da Xunta de Galicia declare como de incidencia supramunicipal se someterán por un prazo mínimo dun mes ós trámites de información pública, mediante o correspondente anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior audiencia na Comunidade Autónoma e de audiencia ás entidades locais sobre as que incida o plan ou proxecto,

RESOLVE:

Someter a información pública o proxecto L.A.T. 132 kV Sub. Punago-Sub. A Fonsagrada, declarado como de incidencia supramunicipal por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de maio de 2003, por un prazo dun mes contado a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Os interesados dispoñerán do citado prazo dun mes para examina-lo proxecto sectorial na Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas e na Delegación Provincial de Lugo e presentar ante esta dirección xeral as alegacións que consideren pertinentes.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2003.

Ramón Ordás Badía
Director xeral de Industria, Enerxía e Minas

Resolución do 12 de maio de 2003, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se somete a información pública o proxecto sectorial L.A.T. 132 kV Sub. Penaloba-Sub. Tesouro, declarado como de incidencia supramunicipal por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de maio de 2003.

O Consello da Xunta de Galicia acordou na súa reunión do 2 de maio de 2003, declara-lo proxecto L.A.T. 132 kV Sub. Penaloba-Sub. Tesouro, promovido pola empresa *Parque Eólico A Carba, S.A.U.*, como de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, de ordenación do territorio de Galicia.

Polo tanto, en cumprimento do disposto no artigo 13.2º do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal, segundo o cal os plans ou proxectos que o Consello da Xunta de Galicia declare como de incidencia supramunicipal se someterán por un prazo mínimo dun mes ós trámites de información pública, mediante o correspondente anuncio no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior audiencia na Comunidade Autónoma e de audiencia ás entidades locais sobre as que incida o plan ou proxecto,

RESOLVE:

Someter a información pública o proxecto L.A.T. 132 kV Sub. Penaloba-Sub. Tesouro, declarado como de incidencia supramunicipal por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 2 de maio de 2003, por un prazo dun mes contado a partir da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Os interesados dispoñerán do citado prazo dun mes para examina-lo proxecto sectorial na Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas e na Delegación Provincial da Coruña e presentar ante esta dirección xeral as alegacións que consideren pertinentes.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2003.

Ramón Ordás Badía
Director xeral de Industria, Enerxía e Minas

CONSELLERÍA DE POLÍTICA AGROALIMENTARIA E DESENVOLVEMENTO RURAL

Resolución do 5 de maio de 2003, da Dirección Xeral de Infraestructuras Agrarias, pola que se notifica a resolución de recurso de alzada presentado contra o acordo de concentración parcelaria da zona de San Martiño de Visantón (Mesía, A Coruña), devolta polo servizo de correos.

Por esta resolución e en cumprimento do establecido no artigo 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro e, por ser devolta polo servizo de correos, notifícaselle ó interesado que ten os datos persoais e último domicilio coñecido que figuran no anexo, a parte dispositiva da resolución do recurso de alzada interposto por Antonio Sánchez Quindimil contra o acordo de concentración parcelaria da zona de San Martiño de Visantón (Mesía, A Coruña).

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2003.

Alejandro Martínez-Geijo Nogueira-Soares
Director xeral de Infraestructuras Agrarias

ANEXO

Destinatario: Juan Silva Sanjurjo.

Domicilio: Visantón-Mesía, 15689 (A Coruña).

Texto: «Estimar parcialmente o recurso de alzada interposto por Antonio Sánchez Quindimil (proprietario nº 393) contra o acordo de concentración parcelaria de San Martiño de Visantón (Mesía, A Coruña), no sentido de:

*Trazar un camiño duns 5 metros de largo, entre o predio 395 e os predios nº 393 e 394 do polígono 3, para poder acceder por parte do extremo norte ó predio nº 396 tal e como se reflicte no plano que se acompaña, producíndose as seguintes modificacións:

-O predio nº 396, do recorrente, Antonio Sánchez Quindimil (proprietario 393), quedará cunha superficie de 66-65 áreas e un valor de 3.611,75 puntos.

-Os predios nº 393 e nº 394, de Juan Silva Sanjurjo (proprietario 432), quedarán respectivamente, cunha superficie e valor de 45-35 áreas e 3.389,25 puntos e 2-60 áreas e 204,00 puntos.

-O predio nº 395, de Carmen Lago Sánchez, (proprietaria nº 135), cunha superficie de 34-10 áreas e un valor de 2.466,50 puntos.

*Como consecuencia do anterior:

Varia-la configuración do predio nº 343 do polígono 3 e a configuración e localización das estremeiras nº 341 e 342 de modo que:

-O predio nº 342, de Antonio Sánchez Quindimil (proprietario 393), quedará cunha superficie de 71-40 áreas e un valor de 2.199,00 puntos.

-O predio nº 343, de Vicente López Bermúdez (proprietario 149), quedará cunha superficie de 37-85 áreas e un valor de 378,50 puntos.

-O predio nº 341, da relación de terras sobrantes pasará a figurar co nº 341-1 (tras subdividirse, ó resultar tamén afectada por outra resolución do recurso de alzada interposto polo propietario José Pedreira Recouso), quedando cunha superficie de 59-05 áreas e un valor de 595,50 puntos (con 0-25 áreas de M-4 e 58-80 de M-5).

*Dar traslado ó Servizo de Estructuras Rurais da Delegación Provincial da Coruña, da petición do recorrente relativa á habilitación dos accesos ós seus predios, para que na fase de acondicionamento dos reemprazos, sexan realizados aqueles traballos, no caso e aspectos, que o director técnico responsable da zona considere oportuno.

Esta resolución ponlle fin á vía administrativa e contra ela cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses contados a partir da recepción da presente, de conformidade co establecido nos artigos 43 da Lei de concentración parcelaria para Galicia e 46 da Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa do 13 de xullo de 1998, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que estimen pertinente.

Notifíquelles ós interesados na forma prevista na lexislación vixente».

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 5 de maio de 2003 pola que se acorda a denegación da prórroga e extinción de diversas concesións administrativas que amparan os parques de cultivo de moluscos da zona do Carril, distrito marítimo de Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

Vistas as peticións de prórroga das concesións que se citan no anexo, resulta:

Antecedentes de feito.

Primeiro.-Por orde do Ministerio de Comercio do 7 de outubro de 1975 (BOE número 254) outórganse 930 concesións administrativas para a instalación doutros tantos parques de cultivo de moluscos na zona do Carril, distrito marítimo de Vilagarcía de Arousa, a precario e por un prazo de 10 anos, prorrogables por petición dos interesados.

Por Orde do 29 de outubro de 1984 (DOG número 227) outórgase concesión administrativa para instalar un parque de cultivo de ameixas e berberechos no distrito marítimo de Vilagarcía de Arousa, a favor de Ventura Vidal Longa, cunha superficie de 500,50 metros cadrados.

Por Orde do 18 de outubro de 1976 (BOE número 234) outórgase concesión administrativa para instalar un parque de cultivo de ameixas e berberechos no distrito marítimo de Vilagarcía de Arousa, a favor de José Otero Berride e Ramón Abelenda Baños, cunha superficie de 14.065 metros cadrados.

Segundo.-Mediante Decreto 158/1991, do 16 de maio, declárase de interese marisqueiro e urxente execución a revisión e reordenación dos citados parques de cultivo, co obxecto de proceder a unha regularización da situación de feito existente, á revisión das circunstancias de titularidade dos parques e á oportuna reordenación que adecue a súa situación e superficie a unha explotación máis racional dos recursos.

Terceiro.-Aprobada a fase de revisión do citado proceso por resolución da Dirección Xeral de Marisqueo e Acuicultura do 26 de decembro de 1995, cómpre proceder ó inicio da fase de reordenación, da que xurdirán as novas concesións, para o que resulta inescusable desestimar, neste momento do proceso, tales peticións de prórroga.

Fundamentos xurídicos.

Primeiro.-Este órgano é competente para resolver tales peticións de conformidade co disposto no Real decreto 3318/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servicios da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de pesca e na Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia.

Segundo.-Tendo en conta que o prazo de vixencia das concesións administrativas que amparan os citados parques expirou, e que de conformidade co disposto na letra C do artigo 72 da Lei 6/1993, do 11 de maio, as concesións se extinguirán polo vencemento do prazo de outorgamento sen que se solicítase e se concedese prórroga.

Por todo o anterior, esta consellería, facendo uso das súas atribucións e competencias, acorda denegarlas prórrogas solicitadas e proceder, de conformidade co artigo 72 da Lei 6/1993, do 11 de maio, á extinción das concesións relacionadas no anexo a esta orde.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos, ou recurso contencioso-administrativo, que se interporá no prazo de dous meses ante a xurisdicción contencioso-administrativa; ámbolos dous prazos contarán desde o día seguinte ó da súa publicación, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e o artigo 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdicción contencioso-administrativa.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de maio de 2003.

Enrique César López Veiga
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos

ANEXO

1. Orde do 7 de outubro de 1975 (BOE número 254) pola que se outorgan 930 concesións administrativas para instalación doutros tantos parques de cultivo de moluscos na zona do Carril, distrito marítimo de Vilagarcía de Arousa.

Parcela nº	Nome	Superficie m ²
164	Angustia e Teresa Abuín López	749
179	Carmen Vilas Caamaño	35
185	Avelina Domínguez Raño	27
237	Josefa Torrado España	142
238	Josefa Encisa Insua	170
332	Juan González Alonso	53
354	Juan González Alonso	54
368	Josefa Encisa Insua	69
420	Carmen Teijeiro Ramos	66
471	Manuel Diz Bua	224
488	Constantino Silva Ramos	90
492	Constantino Silva Ramos	48
499	Constantino Silva Ramos	554
500	Rufino Maneiro Crespo	17
554	Flora e Oliva Franco Boullosa	291
570	Antonio Búa Ramos	206
626	Francisco Dios Rial	387
651	Juan González Alonso	243
715	Vicente Berride Teijeiro	239
758	Domingo Moledo Cancelo	960
799	Montserrat Abuín Pardo	341
810	José María Rodríguez Vicente	306
831	José María Rodríguez Vicente	210
892	José Maneiro Gómez	24

2. Orde do 29 de outubro de 1984 (DOG número 227) pola que se outorga concesión administrativa para instalar un parque de cultivo de ameixas e berberechos no distrito marítimo de Vilagarcía de Arousa, a favor de Ventura Vidal Longa, cunha superficie de 500,50 metros cadrados.

Parcela nº	Nome	Superficie m ²
Exp. 5449	Ventura Vidal Longa	500,50

3. Orde do 18 de outubro de 1976 (BOE número 234) pola que se outorga concesión administrativa para instalar un parque de cultivo de ameixas e berberechos no distrito marítimo de Vilagarcía de Arousa, a favor de José Otero Berride e Ramón Abelenda Baños, cunha superficie de 14.065 metros cadrados.

Parcela nº	Nome	Superficie m ²
Exp. 9743	José Otero Berride e Ramón Abelenda Baños	14.065

Cédula do 7 de maio de 2003, da Delegación Territorial de Vigo, pola que se fai pública unha relación de notificacións de aperturas e pregos de cargos de expedientes sancionadores (PESANI 2003/000069-5 e dúas máis).

De conformidade co disposto no art. 59.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE nº 285, do 27 de novembro), notificánselles ás persoas que a continuación se relacionan as aperturas e os pregos de cargos dos expedientes instruídos por infracción da Lei 6/1991, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección de recursos marítimo-pesqueiros (DOG nº 99, do 27 de maio).

Os interesados dispoñen dun prazo de dez días a partir do día seguinte ó da publicación deste edicto, para presentar ante a delegación territorial as alegacións que coiden pertinentes.

Os expedientes relacionados a seguir atópanse á disposición dos interesados na citada Delegación Territorial de Vigo, Concepción Arenal, 8-5ª planta.

Nº de expediente: PESANI 2003/000069-5.
Denunciado: Santiago Costas Grimáldez.
DNI: 36108689T.
Enderezo: r/ Torrecedeira, 46 Vigo.

Nº de expediente: PESANI 2003/000070-5.
Denunciado: José Francisco Doval Avendaño.
DNI: 35996289R.
Enderezo: r/ Barcelona, 36-6 A Vigo.

Nº de expediente: PESANI 2003/000072-5.
Denunciado: Tomás Romero Martínez.
DNI: 36010096P.
Enderezo: Gran Vía, 114-5 Vigo.

Vigo, 7 de maio de 2003.

Marta Molíns Otero
Instructora

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

Resolución do 23 de maio de 2003 pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso aberto, da contratación das obras de reparación das fachadas sur dos bloques R.6.1 e R.6.2 do Polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela. (Expediente C-2003/REP 02).

1. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: reparación das fachadas sur dos bloques R.6.1 e R.6.2 do Polígono das Fontiñas. Santiago de Compostela.

b) Prazo de execución: 3 meses.

2. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso público.

3. Orzamento base de licitación.

Importe total: cento oitenta e catro mil cen euros (184.100 €), IVE incluído.

4. Garantías.

a) Provisional: exenta.

b) Definitiva: 4% do importe de adxudicación.

5. Requisitos específicos do contratista.

Clasificación: grupo C; subgrupo: 4; categoría: d.

6. Obtención de documentación.

-Os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas polos que haberá de rexerse a contratación poderán recollerse durante o prazo de presentación de proposicións na:

-Copistería *Copy Nino*.

Enderezo: rúa Xeneral Pardiñas, 2. Santiago de Compostela.

Teléfono: 981 58 89 38.

-Tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación a través da Internet no enderezo:

<http://www.xunta.es/contratacion/resultado.asp?N=2586>.

7. Presentación das ofertas.

As proposicións, que se axustarán ó modelo que se inclúe no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, presentaranse no rexistro da sede dos servizos centrais do IGVS (Polígono das Fontiñas, Área Central, s/n, Santiago de Compostela), antes das 14 horas do vixésimo sexto (26) día natural contado a partir do seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De coincidi-lo dito día en sábado ou festivo o prazo para a presentación das propostas rematará o primeiro día hábil seguinte.

8. Posibilidade de variantes.

Admítense.

9. Apertura das ofertas.

A apertura das proposicións admitidas será realizada pola mesa de contratación, reunida en acto público na sala de xuntas da sede dos servizos centrais do IGVS, ás dez (10.00) horas do décimo primeiro (11) día natural contado a partir do seguinte ó da finalización do prazo de presentación de proposicións. Se ese día coincidise en sábado ou festivo, a mesa reuniríase o primeiro día hábil seguinte á mesma hora. Cando a proposición se envíe por correo, o licitador deberá xustificar a data de im-

sición do envío na oficina de correos e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da dita oferta mediante telegrama ou fax (nº 981 54 19 02) no mesmo día.

10. Gasto do anuncio.

O importe deste anuncio será por conta dos adxudicatarios.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2003.

P.D. (Resolución 6-4-1995)
José Antonio Redondo López
Director xeral do Instituto Galego
da Vivenda e Solo

Resolución do 23 de maio de 2003 pola que se anuncia a licitación, polo sistema de concurso aberto e trámite ordinario, da contratación das obras de rehabilitación do núcleo rural de Mazoi (Lugo). (Expediente LU-2002/NR 03).

1. Obxecto do contrato.

a) Descrición do obxecto: rehabilitación do núcleo rural de Mazoi (Lugo).

b) Prazo de execución: 18 meses.

2. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso público.

3. Orzamento base de licitación.

Importe total: catrocentos sesenta e oito mil setecentos once euros con dezaioito céntimos (468.711,18 €), IVE incluído.

4. Garantías.

a) Provisional: exenta.

b) Definitiva: 4% do importe de adxudicación.

5. Requisitos específicos do contratista.

Clasificación: C-todos-c y k-7-c.

6. Obtención de documentación.

-Copistería *Copy Nino*.

Enderezo: rúa Xeneral Pardiñas, 2. Santiago de Compostela.

Teléfono: 981 58 89 38.

-Tamén se poderán obter os pregos relativos a esta contratación a través da Internet no seguinte enderezo: <http://www.xunta.es/contratacion/resultado.asp?N=2580>

7. Presentación das ofertas.

As proposicións, que se axustarán ó modelo que se inclúe no correspondente prego de cláusulas administrativas particulares, presentaranse no rexistro da sede dos servizos centrais do IGVS (Polígono

das Fontiñas, Área Central, s/n, Santiago de Compostela), antes das 14 horas do vixésimo sexto (26) día natural contado a partir do seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. De coincidir este día en sábado ou festivo o prazo para a presentación das propostas rematará o primeiro día hábil seguinte.

8. Posibilidade de variantes.

Si se admiten.

9. Apertura das ofertas.

A apertura das proposicións admitidas será realizada pola mesa de contratación, reunida en acto público na sala de xuntas da sede dos servizos centrais do IGVS, ás dez (10.00) horas do décimo primeiro (11) día natural contado a partir do seguinte ó da finalización do prazo de presentación de proposicións. Se ese día coincidise en sábado ou festivo, a mesa reuniríase o primeiro día hábil seguinte á mesma hora. Cando a proposición se envíe por correo o licitador deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da dita oferta mediante telegrama ou fax (número 981 54 16 00) no mesmo día.

10. Gasto do anuncio.

O importe deste anuncio será por conta dos adxudicatarios.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2003.

P.D. (Resolución 6-4-1995)
José Antonio Redondo López
Director xeral do Instituto Galego
da Vivenda e Solo

Cédula do 8 de maio de 2003, da Área Provincial da Coruña, pola que se lles notifica ós interesados resolucións emitidas polo delegado provincial do expediente administrativo de desafuzamento por ocupación sen título legal (expediente C-136-CD/63, conta 1260).

Por medio desta cédula, e en cumprimento do disposto no artigo 142 do Regulamento de VPO aprobado polo Decreto 2114/1968, do 24 de xullo, notificánselles ós interesados, cos datos e último domicilio coñecido sinalados no anexo, as resolucións dos correspondentes expedientes administrativos de desafuzamento que, cos números que se indican, iniciáronse neste organismo por ocupación sen título legal para iso, causa prevista nos artigos 30.2º do Real decreto 2960/1976, do 12 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lexislación de VPO, e 138.2º do Decreto 2114/1968, do 24 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de vivendas de protección oficial.

Esta resolución ordena o lanzamento de M^a José e Fernando Olivares Rodríguez, herdeiros de Mariano Olivares Martínez da vivenda que ocupan, sita

en rúa Nardos nº 14, bloque 41, baixo do Barrio das Flores (A Coruña) (expte. C-136-CD/63, conta 1260), outorgando un prazo previo ó dito lanzamento de 15 días para o desaloxo voluntario dela.

Transcorrido o dito prazo, o lanzamento será executado por funcionario nomeado para o efecto polo delegado provincial do IGVS na Coruña, coa preceptiva autorización xudicial para a entrada no domicilio de particulares na execución forzosa de actos da Administración, e con auxilio das forzas de seguridade do Estado, autonómicas ou locais.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da súa publicación.

E para que conste e lles sirva de notificación ós interesados en cumprimento do disposto no artigo 59 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, expido, asino e selo esta cédula na Coruña o 8 de maio de 2003.

M^a Teresa Morán Calero
Xefa da Área Provincial da Coruña

ANEXO

Nº expediente de desafuzamento: 11/2002.
Expedientados: M^a José e Fernando Olivares Rodríguez, herdeiros de Mariano Olivares Martínez.
Último domicilio coñecido: r/ Nardos nº 14, bloque 41 baixo, Barrio das Flores (A Coruña).
(Expte. C-136-CD/63, conta 1260).

SERVICIO GALEGO DE SAÚDE

Resolución do 12 de maio de 2003, da Dirección Xerencia do Hospital Comarcal Valdeorras do Barco de Valdeorras, pola que se anuncia o concurso público, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, para a contratación da prestación do servizo de limpeza e desinfección (C.P. 2/2003).

A Dirección Xerencia do Hospital Comarcal Valdeorras, en virtude das atribucións que lle foron delegadas conforme o establecido no artigo sexto da orde da Consellería de Sanidade do 14 de marzo de 2002 (DOG nº 66, do 5 de abril), unha vez rematados os trámites administrativos correspondentes, resolve convoca-la seguinte contratación:

1. Entidade adxudicadora:

a) Denominación: Hospital Comarcal Valdeorras.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Xestión Económica, Financeira e Orzamentaria-Unidade de Contratación.

c) Expediente: C.P. 2/2003.

2. Obxecto do contrato:

a) Descrición do obxecto: prestación do servizo de limpeza e desinfección do Hospital Comarcal Valdeorras.

b) División por lotes: non.

c) Variantes: non se admiten.

d) Lugar de execución: edificios e instalacións situados na avda. Conde de Fenosa nº 50, 32300 O Barco de Valdeorras, Ourense.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación:

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Forma: concurso público.

4. Orzamento máximo de licitación: 1.070.694 euros, IVE incluído.

5. Garantía provisional: 21.413,88 euros.

6. Prazo de execución: 2 anos contados desde a formalización.

7. Documentación e información: o prego de cláusulas administrativas particulares e demais documentación complementaria poderán ser solicitados na Unidade de Contratación do Hospital Comarcal Valdeorras, avda. Conde Fenosa nº 50, 32300 O Barco de Valdeorras, Ourense, teléfono: 988 33 90 61, fax: 988 32 50 56, ata o 10 de xullo de 2003.

8. Requisitos que deberá cumpri-lo contratista:

a) Clasificación (empresas españolas): grupo U, subgrupo I, categoría C ó grupo III, subgrupo 6, categoría C (segundo o disposto pola disposición transitoria única do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, RXCAP).

b) Solvencia económica e financeira (empresas estranxeiras): mediante acreditación libre por un ou varios dos medios referidos no artigo 16 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP) (BOE nº 148, do 21 de xuño).

c) Solvencia técnica e profesional (empresas estranxeiras): mediante acreditación libre por un ou varios dos medios referidos no artigo 19 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP) (BOE nº 148, do 21 de xuño).

d) Forma xurídica que deberá adopta-la unión de empresas adxudicatarias do contrato: unión temporal de empresas, de acordo co establecido no artigo 24 do Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP) (BOE nº 148, do 21 de xuño).

9. Criterios de adxudicación:

-Prezo: ata 40 puntos.

-Persoal ofertado, con distribución do nº de horas anuais ofrecidas, reflectindo quendas, áreas de traballo e tipo de limpeza: ata 40 puntos.

-Procedementos e medios materiais usados para a prestación do servizo: ata 10 puntos.

-Innovacións, actualizacións e achega de melloras: ata 10 puntos.

10. Presentación de ofertas:

a) Documentación que hai que presentar: a referida nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

b) Linguas nas que se poderán redactar as ofertas: galego ou castelán.

c) Lugar de presentación: rexistro xeral do Hospital Comarcal Valdeorras. Avda. Conde de Fenosa, nº 50, 32300 O Barco de Valdeorras, Ourense.

d) Data límite de recepción de ofertas: antes das 14.00 horas do día 17 de xullo de 2003.

11. Apertura das ofertas: será realizada pola mesa de contratación reunida, en acto público, na sala de xuntas do Hospital Comarcal Valdeorras, avda. Conde de Fenosa nº 50, 32300 O Barco de Valdeorras, Ourense, ás 11.00 horas do día 28 de xullo de 2003.

12. Prazo de mantemento das ofertas: 3 meses contados a partir da súa data de apertura.

13. Gastos de publicidade: os anuncios serán por conta do adxudicatario do contrato.

14. Data de envío do anuncio ó *Diario Oficial das Comunidades Europeas*: 26 de maio de 2003.

15. Consulta dos pregos: <http://www.sergas.es>

O Barco de Valdeorras, 12 de maio de 2003.

Dionisio López Bellido
Director xerente do Hospital Comarcal
do Barco de Valdeorras

Resolución do 12 de maio de 2003, da Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Ourense, pola que se anuncia concurso público, polo procedemento aberto, tramitado con carácter urxente, para a contratación da asistencia técnica de ofimática a usuarios de equipos informáticos deste complexo hospitalario (C.P. 21/2003).

A Xerencia Xeral do Complexo Hospitalario de Ourense, en virtude das atribucións que lle foron delegadas conforme o establecido na Orde do 14 de marzo de 2002 (DOG nº 66, do 5 de abril) da

Consellería de Sanidade, convoca o seguinte concurso público:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo e dependencia que tramita o expediente: Complexo Hospitalario de Ourense, Dirección de Recursos Económicos, Unidade de Contratación, rúa Ramón Puga, 52. 32005 Ourense. Teléfono 988 38 56 91. Fax 988 38 54 04.

b) Número do expediente: CP. 21/2003.

2. Obxecto do contrato.

a) Descrición: asistencia técnica de ofimática a usuarios de equipamentos informáticos do Complexo Hospitalario de Ourense.

b) División por lotes: non.

c) Lugar de execución: ve-lo punto 2 das follas de especificacións do prego de cláusulas administrativas particulares.

d) Prazo de execución: 2 anos.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación: urxente, aberto, concurso público, respectivamente.

4. Orzamento de licitación: 130.000 euros, IVE incluído.

5. Garantía provisional: 2% do orzamento de licitación.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade e domicilio: ve-lo punto 1 deste anuncio.

b) Data límite: días laborables, agás sábados, de 9.00 a 14.00 horas, ata que remate o prazo de presentación de ofertas.

7. Requisitos específicos do contratista.

a) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica: ve-los puntos 12 e 13 das follas de especificacións do prego de cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación de ofertas.

a) Data límite: oito días contados desde o día seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* (antes das 14.00 h). No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, o prazo de presentación rematará o día hábil seguinte.

b) Documentación necesaria: ver pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

c) Lugar de presentación: Complexo Hospitalario de Ourense. Rexistro Xeral, rúa Ramón Puga, 52 (edificio administrativo, planta baixa), 32005 Ourense.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: 3 meses desde a apertura das proposicións.

e) Admisión de variantes: non se admiten.

9. Apertura das ofertas.

a) Lugar: sala de xuntas da Dirección de Recursos Económicos do Complexo Hospitalario de Ourense.

b) Data: décimo primeiro día contado desde o seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de ofertas. No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, a súa apertura terá lugar o día hábil seguinte.

c) Hora: 9.00 h.

d) Acto público.

10. Outras informacións.

a) Criterios de adxudicación: ve-lo punto 14 das follas de especificacións do prego de cláusulas administrativas particulares.

b) Lingua (s): castelán ou galego.

11. Anuncios: o pagamento do anuncio será a cargo do adxudicatario do contrato.

12. Para consultar pregos: <http://www.sergas.es>.

Ourense, 12 de maio de 2003.

Alfonso Clemente González

Xerente xeral do Complexo Hospitalario de Ourense

Resolución do 19 de maio de 2003, da Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Profesor Novoa Santos de Ferrol, pola que se anuncia, por tramitación ordinaria, concurso público para a contratación do expediente. (Expediente 56/2003).

A Dirección Xerencia do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Profesor Novoa Santos, en virtude das atribucións que lle foron delegadas conforme o establecido na Orde do 14 de marzo de 2002, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servicio Galego de Saúde (DOG nº 66, do 5 de abril), convoca o seguinte concurso público:

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Servicio Galego de Saúde. Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Profesor Novoa Santos.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servicio de Subministracións (Unidade de Contratación).

c) Número de expediente: C.P. 56/2003. (Subministración).

2. Obxecto da contratación.

a) Descrición do obxecto: adquisición de equipamento.

b) Número de unidades que se van entregar: ve-lo anexo C.P. 56/2003.

c) División en lotes e número: as empresas licitantes poderán presentar oferta á totalidade da subministración ou a un ou máis lotes por separado.

d) Lugar de entrega: servicio destinatario pasando por almacén xeral do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Profesor Novoa Santos. Estrada de San Pedro, s/n, 15405 Ferrol (A Coruña).

3. Tramitación, procedemento e modalidade de adxudicación.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Modalidade: concurso.

4. Orzamento base de licitación.

C.P. 56/2003.- 98.805 €.

5. Garantías.

Provisional: 2% do orzamento de licitación ou de cada lote ó que se concorre. (Ve-la folla de especificacións do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares).

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Servicio de Subministracións do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Profesor Novoa Santos.

b) Domicilio: Estrada de San Pedro, s/n.

c) Localidade e código postal: Ferrol (15405).

d) Teléfono: 981 33 45 14.

e) Fax: 981 33 45 50.

f) Data límite de obtención de documentos e información: antes das 14 horas do décimo quinto día natural a partir do seguinte ó da publicación desta resolución no DOG.

7. Requisitos específicos do contratista.

As solvencias económica, financeira, e técnica acreditaranse polo documento sinalado no anexo II do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: antes das 14 horas do décimo quinto día natural a partir do seguinte ó da publicación desta resolución no DOG.

b) Documentación que hai que presentar: a especificada no punto 5 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares.

c) Lugar de presentación:

1. Entidade: rexistro xeral do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Profesor Novoa Santos.

2. Domicilio: Estrada de San Pedro, s/n.

3. Localidade e código postal: Ferrol (15405).

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (C.P. 56/2003): 3 meses desde a data de apertura de proposicións.

e) Admisión de variantes: admitirase a presentación de dúas variantes.

9. Apertura das proposicións.

a) Entidade: sala de xuntas do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide-Profesor Novoa Santos.

b) Domicilio: Estrada de San Pedro, s/n.

c) Localidade: Ferrol (15405).

d) Data: décimo primeiro día natural contado desde o seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de ofertas. No caso de que o dito día coincida en sábado ou festivo, a apertura terá lugar o día hábil seguinte.

e) Hora: a partir das 10.00 horas.

10. Outras informacións.

Cando as proposicións se envían por correo, o licitador deberá xustifica-la data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax ou telegrama no mesmo día, de conformidade co artigo 80.4º do Regulamento xeral de contratación das administracións públicas. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado neste anuncio. Transcorridos, con todo, dez días naturais seguintes á indicada data sen ter recibido a mencionada proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Os criterios que se seguirán para a adxudicación do contrato son os que se establecen no punto 11 da folla de especificacións do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares.

11. Gastos de anuncios: o importe do anuncio da presente resolución na prensa e nos boletíns oficiais será por conta do adxudicatario ou adxudicatarios. Será de 2.600 €.

Ferrol, 19 de maio de 2003.

Pedro Molina Coll

Director xerente do Complexo Hospitalario
Arquitecto Marcide-Profesor Novoa Santos de
Ferrol

b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DE BOIRO

Anuncio.

O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria realizada o día 20 de maio de 2003, aprobou defi-

nitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Boiro.

O que se fai público para a súa executividade, cumprindo así co disposto no artigo 92.2º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, subliñando que contra o presente acordo, que é definitivo en vía administrativa, e de acordo co disposto no artigo 85.9º da Lei 9/2002, en relación cos artigos 10.1º a) e 46.1º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da derradeira publicación deste acordo, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que coiden conveniente.

Boiro, 21 de maio de 2003.

Jesús Alonso Fernández
Alcalde-presidente

CONCELLO DE FISTERRA

Anuncio de licitación.

O Concello de Fisterra convoca licitación para a execución da obra:

Denominación: reposición de pavimento pista de xogo, vestiarios-aseos e pintado polideportivo Fisterra: 1ª, 2ª e 3ª fase.

Orzamento: 123.250 euros.

Tramitación: urxente.

Forma: concurso con procedemento aberto.

Prazo de proposicións: trece días naturais contados desde o día seguinte ó da última publicación do anuncio no BOP ou DOG.

Prazo de execución: doce semanas.

Garantía provisional: non se esixe.

Requisitos específicos do contratista: grupo C, subgrupo 6, categoría c.

Apertura de ofertas: dez días seguintes á data de terminación da presentación de proposicións.

Expediente: Secretaría da Corporación.

Fisterra, 14 de maio de 2003.

José M. Traba Fernández
Alcalde-presidente

CONCELLO DAS NEVES

Anuncio de licitación.

Aprobado pola Comisión de Goberno deste concello o prego de condicións económico-administrativas, que rexerá o concurso por procedemento aberto

da obra denominada Pavimentación de vías públicas, exponse ó público polo prazo de oito días naturais seguintes ó da derradeira publicación deste anuncio no DOG e no BOP, para efectos de reclamacións. Simultaneamente anúnciase o concurso para a presentación de propostas, aprazándose a licitación no caso de que se formulen reclamacións contra o prego.

Obra: pavimentación de vías públicas. Lugar de execución: As Neves. Prazo máximo de execución: catro meses.

Tipo máximo de licitación: 157.904,78 euros, IVE incluído.

Forma de adjudicación: concurso por procedemento aberto.

Garantías: provisional: 2% do tipo de licitación. Definitiva: 4% do prezo de adjudicación.

Obtención da documentación e información: Casa do Concello das Neves.

Domicilio: praza da Cristiandade s/n 36440 As Neves (Pontevedra). Teléfono: 986 64 80 38. Fax: 986 64 80 52.

Data límite: ata o último día do prazo de presentación de ofertas.

Presentación de ofertas: durante vinteseis días naturais seguintes á publicación do derradeiro anuncio de licitación no BOP e no DOG.

Documentación: a esixida no prego de condicións.

Lugar de presentación: rexistro xeral do Concello das Neves, das 9 ás 13 horas de luns a sábados.

Apertura das ofertas: na Casa do Concello das Neves, ás 13.00 horas do día hábil seguinte ó día de remate do prazo para a presentación de ofertas (excepto sábados).

As Neves, 6 de maio de 2003.

Raúl Emilio Castro Rodríguez
Alcalde presidente

CONCELLO DE POIO

Anuncio.

A Comisión Municipal de Goberno, en sesión celebrada o día 21 de abril de 2003, adoptou o acordo número 23895 polo que se aprobou inicialmente o proxecto de urbanización de zona verde pública, no lugar da Caeira, rúa Río Oitavén deste termo municipal, redactado polo arquitecto Miguel López Álvarez e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia nas datas do 4-2-2003 e 18-3-2003 e que foi promovido pola sociedade *Conprocaeira, S.L.*, e en cumprimento do disposto no artigo 110.4º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación do territorio e protección do medio rural de Galicia, sométese o proxecto a información pública polo prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*,

podéndose durante o dito prazo examina-lo expediente na oficina técnica deste concello e presentalas alegacións que se consideren oportunas.

Poio, 25 de abril de 2003.

Luciano Sobral Fernández
Alcalde

Anuncio.

A Comisión Municipal de Goberno, en sesión celebrada o día 7 de abril de 2003, adoptou o acordo número 23860 polo que se aprobou inicialmente o proxecto reformado de compensación de propietario único de *Conprocaeira, S.L.*, sito na rúa Río Oitavén, 9, do lugar da Caeira da parroquia de San Salvador deste termo municipal, redactado polo arquitecto Miguel López Álvarez e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia nas datas do 27-1-2003 e 4-2-2003, e a valoración do aproveitamento urbanístico do 10% que corresponde ó concello e a súa redución a metálico á cantidade proposta polo aparelador municipal. Sométense os ditos expedientes a información pública durante o prazo de 20 días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, podendo durante o dito prazo presentarse as alegacións que se consideren oportunas contra o proxecto de compensación, a valoración do aproveitamento urbanístico realizado por Tinsa ou contra a súa redución a metálico.

Poio, 25 de abril de 2003.

Luciano Sobral Fernández
Alcalde

Anuncio.

A Comisión Municipal de Goberno, en sesión celebrada o día 7 de abril de 2003, adoptou o acordo número 23861 polo que se aprobou inicialmente o proxecto de apertura e urbanización de rúa de nova apertura no polígono 16 e convenio urbanístico número 21, redactado polo arquitecto Miguel López Álvarez e visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia nas datas do 4-2-2003 e 18-3-2003 e que foi promovido pola sociedade *Conprocaeira, S.L.*, e en cumprimento do disposto no artigo 110.4º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación do territorio e protección do medio rural de Galicia, sométese o proxecto a información pública polo prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, podéndose durante o dito prazo examina-lo expediente na oficina técnica deste concello e presentalas alegacións que se consideren oportunas.

Poio, 28 de abril de 2003.

Luciano Sobral Fernández
Alcalde

CONCELLO DE RIBADEO*Anuncio.*

De conformidade co previsto nos artigos 86.2º da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e 140 do Regulamento de planeamento, faise público que por resolución da Alcaldía do 16 de maio de 2003 foi aprobado inicialmente o estudio de detalle presentado por *Promociones y Alojamientos del Cantábrico, S.A.* para os terreos sitos na rúa Alza/camiño á Vilavella.

Durante o prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da publicación deste anuncio, o expediente poderá ser examinado nas oficinas de Secretaría Municipal e poderán as persoas interesadas formula-las alegacións que coiden oportunas.

Ribadeo, 20 de maio de 2003.

José Carlos Rodríguez Andina
Alcalde

CONCELLO DE VILAR DE SANTOS*Anuncio.*

Aprobado inicialmente pola Comisión de Goberno, en sesión realizada o día 5 de maio de 2003, o Plan de sectorización nº 1 do solo rústico apto para urbanizar de uso industrial deste concello, ábrese un período de información pública por espazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó de publicación deste anuncio no DOG, e durante o cal tódolos interesados poderán consulta-lo expediente e formula-las alegacións que estimen oportunas.

Os traballos porán examinarse na Secretaría do concello de luns a venres, de 9.00 a 14.30 horas.

Vilar de Santos, 13 de maio de 2003.

Xosé Antón Jardón Dacal
Alcalde

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Resolución do 8 de maio de 2003 pola que se anuncia o concurso para a subministración de material de sinalización e seguridade vial diverso, ano 2003.

Obxecto e tipo de licitación: a contratación da subministración de material de sinalización e seguridade vial diverso con destino ás vías provinciais, con orzamento máximo de 48.100 euros, IVE incluído.

Plicas: durante os quince días naturais a partir do anuncio no BOP.

Fianzas: a provisional do 2% do orzamento de licitación e a definitiva do 4% do prezo de adjudicación.

Información: Servicio de Contratación da deputación tfno. 986 80 41 01.

Pontevedra, 8 de maio de 2003.

O presidente
Rubricado

O secretario
Rubricado

c) OUTROS ANUNCIOS**XESTIÓN URBANÍSTICA DE PONTEVEDRA, S.A.**

Anuncio do concurso de asistencia técnica para a adquisición e expropiación de terreos, bens e dereitos comprendidos dentro do ámbito de actuación do proxecto sectorial para a implantación da plataforma loxística-industrial en Salvaterra-As Neves.

Obxecto: asistencia técnica para a adquisición e expropiación de terreos, bens e dereitos comprendidos dentro do ámbito de actuación do proxecto sectorial para a implantación da plataforma loxística-industrial no ámbito delimitado nos concellos de Salvaterra e As Neves (PLISAN).

Orzamento: 1.000.000 de euros (IVE incluído).

Concursantes: profesionais ou empresas con experiencia acreditada en traballos similares co obxecto do concurso.

Bases: as bases do concurso e demais documentación poderán ser solicitadas nas oficinas de *Xestur Pontevedra, S.A.*, praza Maruja Mallo, nº 1-1º de Vigo (tlf. 986 26 64 77), a partir do día seguinte ó da publicación deste anuncio.

Propostas: as propostas e demais documentación para concursar, conforme establece o prego de bases deberán ser presentadas en man nas oficinas de *Xestur* sitas na praza Maruja Mallo nº 1-1º en Vigo, antes das 13 horas do día 4 de xullo de 2003.

A apertura das proposicións presentadas efectuarase o mesmo día 4 de xullo ás 13.15 horas.

O importe do presente anuncio será por conta do adjudicatario.

Vigo, 23 de mayo de 2003.

O xerente de *Xestur Pontevedra, S.A.*
Rubricado